



Periódico labrego de información
técnica e sindical

Número de rexistro: 980635

T Á B O A

■ Galiza

O SLG inicia en Vigo a súa campana contra a OMC

Vigo foi o primeiro escenario elixido polo SLG para denunciar a intención de liberalizar os mercados agrarios que ten a Organización Mundial do Comercio (OMC). Iso foi a finais de xuño. En agosto, a campaña, que visitará as principais vilas galegas ata decembro, chegou tamén a terras de Verín, A Rúa e Ribadavia. **Páx. 6**

■ Aldea Global

Vía Campesina lanza ao mundo a Declaración de Quisqueya

A Secretaria Xeral do SLG, Lidia Senra, viaxou do 1 ao 6 de agosto á República Dominicana para asistir ao Encontro Internacional de Dereitos Humanos e Igualdade de Xénero. O resultado do evento foi a "Declaración de Quisqueya", que publicamos integramente neste Fouce. **Páx. 8**

■ Agroecoloxía

O Ministerio permitirá un ano máis os falsos produtos "bio"

O Ministerio de Agricultura vén de facer público o proxecto de Real Decreto segundo a cal o uso do termo "bio" só pode ser utilizado nos produtos da agricultura ecolóxica. A pesares de que esta normativa está vixente na UE, España permitirá a fraude durante un ano máis. **Páx. 10**



Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tlf. 981 554147 ; Fax 981 572570
e-mail: fouceslg@terra.es
www.sindicatolabrego.com

FOUCE RECIBIU UNHA AXUDA DE:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Política Lingüística

O Ministerio castiga a Galiza cunha supertaxa de 14 millóns e quitándolle as axudas da seca

■ Hai 3.500 explotacións lácteas galegas afectadas, que terán que asumir unha multa de 14'6 millóns de euros por ter excedido a súa cota produtiva en 68.000 toneladas.

■ O ex-Conselleiro, Santiso Miramontes, non solicitou as axudas da seca e as xeadas, e o Ministerio de Agricultura deixou a Galiza fóra dos fondos de compensación. **Páx. 5**



O nacionalista Alfredo Suárez Canal ocupa o seu cargo como Conselleiro de Medio Rural

Tralas eleccións do 19 de xuño, a Xunta ten un novo Goberno bipartito. No reparto de carteiras, a Consellaría de Agricultura -que agora se chamará de Medio Rural- caeu en mans do BNG. O elixido para ocupar o cargo de Conselleiro foi Alfredo

Suárez Canal, que colle así o leme dun área de goberno reforzada coa incorporación da Dirección Xeral de Montes (antes en Medio Ambiente). Nunha entrevista concedida a Fouce, Suárez Canal adiantou as novidades da súa carteira. **Páxs. 2 e 3**



Suplemento especial sobre viño: "Novos tempos para a viticultura galega"

Xunto a este Fouce vén un suplemento especial centrado no sector do viño, onde se fai un percorrido polo panorama vitivinícola galego con reportaxes, entrevistas e artigos de opinión. Nas súas oito páxinas veñen recollidas

opinións de viticultores e viticultoras de todas as denominacións de orixe galegas e complétase, a maiores, a serie de entrevistas en profundidade que xa se iniciara en anteriores números de Fouce. **Caderno central**

"O traballo sen riscos": Seguridade nos sectores agrogandeiros e forestais

O SLG está realizando unha campaña, en colaboración coa Dirección Xeral de Relacións Laborais da Xunta, para prever os riscos laborais propios das actividades agrarias, gandeiras e forestais. Nesa tarefa hai que incluír o

suplemento central que se publica xunto a este Fouce. Nel fálase polo miúdo dos riscos existentes coa utilización de produtos químicos, no manexo de maquinaria e vehículos agrícolas, etcétera. **Caderno central**





Edita:

Edicións Fouce

Departamento de Publicacións de
Servicios Agrarios e Contables S.L.
CIF: B - 27165646

Coordinación:

Xosé García

Colaboracións: X M González

Vilas, Lidia Senra, Antonio
Ferreiro, Santi Amil, Charo
Sánchez, Mónica Vázquez,
Ana Rodríguez, Rosario
Domínguez e Silvia González.

Deseño e maquetación:

Xosé García

Sede da redacción:

Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tif: 981 580449
Fax: 981 572570

Depósito Legal: C-749/88



LOCAIS

SANTIAGO DE COMPOSTELA
Rúa Touro nº 21, 1º. Tif. 981 588532
MELIDE - Praza do Convento nº2
ARZÚA - Rúa Padre Pardo nº24, 1º D
Tifno. 981 508 177
MUXÍA - Antiga autoescola Quintáns
SAN SADURNIÑO
Lugar de Outeiro s/n. Tifno. 981 490430
CARBALLO
Rúa Río Sil nº 52, Baixo. 981 703169
MAZARICOS - Bar Jurjo
SANTA COMBA
Rúa Pontevedra, Tif/Fax. 981 880909
ORDES - Rúa Xeneralísimo nº 38, 1º
Tif. 981 682908
PONTE CARREIRA - Bar O Taxista
BETANZOS
Praza da Constitución nº 4, 1º.
Tif: 981 773377
SARRIA
Rúa Nova 60, entrechán. 939 274186
CURTIS
Av. do Xeneralísimo nº 64. 981 786654
MOECHE - Casa Luciano
AS PONTES - Rúa Balsa nº 28
O BARCO - Casa sindical
Tel. 988 321511 / Fax: 988326723
CELANOVA - Rúa Areal nº6, baixo.
Teléfono: 630 970 131
O CARBALLIÑO, Casa sindical
Teléfono: 630 970 131
VERÍN
Travesía de Sousas nº 20, Galerías
Maga Tif. 988 590438; Fax 988 590439
RIBADAVIA
CIG Casa Sindical. Tif. 988477230
Fax. 988477230
XINZO - Casa Sindical Tif. 988 462547
TRIVES - CIG Casa Sindical
Teléfono 699 924 634
LUGO
Miguel de Cervantes nº47, ent.
Tif. 982 231154
MONFORTE
Local da CIG en AISS. Tif. 982 403005
CHANTADA
Praza do Concello, baixos AISS
Tif/Fax: 982 462103
ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria
RIBADEO - Av. de Galiza nº20, 3º.
AISS - Tif/Fax: 982 130615
LOURENZÁ
Av. da Mariña nº11, 1º. Tif. 982 121376
VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A.
Tif.982 512431
A ESTRADA - Capitán Bernal nº10, 1º
Tif/Fax 986 573232
AGOLADA - Bar Central
FORCAREI - Casa do Concello
MEIRA - Xeneralísimo 47-49. Edif. Miño
Entrechán E. Tif/Fax: 982 331714
LALÍN -
Arenal nº1, ent 3. Tif. 986 782191
SILLEDA - Avenida do Parque, 32
Centro comercial O Parque, oficina 12
986 580526
TEIXEIRO - Rúa Martínez Pardo nº13,
1º esq / Tifno. 981 789 781
PONTEAREAS
R/ Darío Bugallal nº15, 1º. 986 641508
Martes a xoves, de 10.00 a 13.00
O ROSAL - Rúa Ramón Franco, Edif.
Rosales. Tif. 986 625 394
O SÁLÑÉS
Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes,
Ribadumia. Tif. 986 718 526
VIANA DO BOLO Antigo centro de
saúde. Tifno. 629 621 047

2 / Adro

nº 235
Verán de 2005



A nova Consellaría do Medio Rural recolle varias propostas do SLG

A carteira recaeu no Bloque Nacionalista Galego e terá como titular a Alfredo Suárez Canal

Os novos tempos políticos na Galiza tamén afectarán ao agro. No goberno bipartito entre PSOE e BNG, será esta segunda forza quen se encargue da Consellaría de Medio Rural, unha área que se vé reforzada ao incorporar

a Dirección Xeral de Montes. Trala brutal desfeita propiciada polas políticas agrarias do PP e PSOE dende a Xunta e Madrid, os retos a acadar non son poucos para o novo Conselleiro, Alfredo Suárez Canal.

O Conselleiro de Medio Rural traballará en base a un ambicioso programa xurrido do acordo entre as dúas forzas políticas do bipartito.

O apartado referente a agricultura di, textualmente: "Comprometémonos na mellora do tecido socioeconómico no medio rural e das condicións de vida dos seus habitantes. Queremos mellorar as rendas agrarias e a competitividade da cadea alimentaria. Impulsaremos o desenvolvemento das zonas rurais promovendo a súa diversificación económica e a mellora da prestación de servizos e de condicións de vida. Apoiaremos a incorporación da xente moza á actividade económica das zonas rurais".

Tralo limiar, o documento



Suárez Canal, no centro, acompañado de dous dos seus asesores no encontro sobre a supertaxa cos sindicatos

enumera as 19 medidas nas que se basearán as políticas agrarias, gandeiras e forestais da Xunta.

Este programa recolle moitas das propostas que o SLG lle fixo ao Bloque no encontro mantido antes da

campana electoral, dentro dunha rolda de reunións con diversas forzas políticas.

Non embargante, hai demandas que non foron contempladas, polo que o SLG negociará nos vindeiros meses a súa incorporación ao programa da Consellaría de Medio Rural. Fundamentalmente, trátase de tres:

■ Defensa da agricultura labrega, e poñer a soberanía alimentaria como principio rector das políticas agrarias da Xunta.

■ Declaración de Galiza como zona libre de transxénicos, do mesmo xeito que fixeron Euskadi e Asturias.

■ Conceder a licenza de actividade ás explotacións agrarias en activo. Isto compete tamén a Medio Ambiente e Política Territorial.

As 19 medidas para o agro do bipartito

■ Plano estratéxico para o medio rural, coa participación de todos os sectores afectados, que determinará os obxectivos prioritarios para un desenvolvemento económico sostible.

■ Lei de desenvolvemento rural.

■ Lei de ordenación agraria que incluíra un marco de apoio á explotación agraria familiar, con medidas de apoio á súa mellora, o recoñecemento da cotitularidade das mulleres traballadoras e o relevo xeneracional. O fomento das fórmulas asociativas, en especial do cooperativismo para agrupación de explotacións, prestación de servizos, e comercialización.

■ Impulso da mobilidade de terras, creando un Fondo Público de Mobilidade que fomenta o uso produtivo.

■ O Goberno galego defenderá en relación coa reforma intermedia da PAC aprobada en 2003, o mantemento do máximo nivel de vinculación das axudas que permite a normativa europea, a redistribución de axudas no Estado en base a criterios de cohesión social e territorial e de apoio a modelos de produción respectuosos co medio ambiente e a calidade dos alimentos, así como o reparto entre as Comunidades

Autónomas dos fondos procedentes da modulación das axudas segundo criterios de cohesión.

■ Reforma da concentración parcelaria, reducindo prazos, establecendo prioridades ligadas ás explotacións existentes e a mellora da súa viabilidade, apoiando as iniciativas dos grupos de agricultores.

■ Plan de residuos agrarios

■ Creación do Consello Agrario, coa participación das organizacións representativas do sector, como órgano de consulta e interlocución coa Administración.

■ Plan de desenvolvemento da agricultura sustentable que amplíe o actual ámbito da agricultura ecolóxica e impulse a súa expansión.

■ Apoio á creación dun grupo lácteo galego coa participación de cooperativas e das empresas lácteas domiciliadas en Galicia.

■ Lei de montes para a mellora da produción forestal, a concentración das terras arboradas, a dotación de infraestruturas e as plantacións.

■ Reforma da Lei de montes veciñais en man común para favorecer a mobilización produtiva e o seu aproveitamento acorde coas demandas sociais, así como a dispoñibilidade para usos

de servizo público.

■ Deseño dunha política integral de loita contra os incendios que abranza a ordenación forestal, o estudo da causalidade, medidas preventivas, de infraestruturas e de loita contra a degradación do chan.

■ Programa de apoio estratéxico ás principais producións que incluíra medidas de axuda á comercialización.

■ Potenciación das denominacións de calidade recoñecidas na UE.

■ Creación dun Centro de Tecnoloxía Alimentaria que potencie as innovacións tecnolóxicas en produtos lácteos, cárnicos e viños, en colaboración coas asociacións de empresas agroalimentarias e coas universidades, en cooperación coas iniciativas de ámbito estatal.

■ Constitución dun Banco Forestal como un fondo de financiamento mixto para apoiar ás plantacións forestais para a produción de madeiras de calidade e a xestión forestal sostible.

■ Plan de apoio ás industrias do moble, con especial atención ao deseño, formación e a comercialización.

■ Plano específico para as industrias de serradoiros con apoio aos investimentos produtivos e co establecemento de servizos en común

Alfredo Suárez Canal, Conselleiro de Medio Rural

“Galiza non é un proxecto viábel sen un sector agrogandeiro e forestal potente e con futuro”

Atopamos a Alfredo Suárez Canal nunha Consellaría de Medio Rural medio baleira, en pleno traspaso de poderes. A pesares deste ambiente de transición, os ollos do Conselleiro xa reflectían unha fonda preocupación polo galano de Madrid ao sector lácteo galego: unha multa de 14 millóns de euros. Sen ter aínda nomeados asesores nin directores xerais, Suárez Canal xa convocara ás forzas do sector para facer fronte común. Algo se move en San Caetano. Hai ganas de gobernar, de facelo ben e en beneficio dos labregos e labregas de Galiza.

■ **En primeiro lugar, en hora boa polo seu nomeamento como Conselleiro. Ten agora por diante a tarefa de poñer a flote un dos sectores económicos máis castigados do noso país. ¿Como afronta este reto?**

Afróntoo con ilusión, sabendo que hai que ter unha enorme dedicación -iso, dende logo, non vai faltar-, e coa responsabilidade de saber que Galiza non é un proxecto socioeconómico viábel sen un sector agrogandeiro e forestal moi potente, estabilizado, e cunha perspectiva de futuro. Iso é o que imos tentar que se consolide, cambiando a tendencia actual.

Catro anos, de seguro que non serán suficientes para facer un cambio total no campo galego, pero si para que as tendencias regresivas que se están producindo agora se invertan.

■ **¿Cales van ser, a partir de agora, as liñas xerais da política agraria da Xunta?**

Hoxe, percíbese certo fatalismo que interpreta que non hai futuro para o campo galego. Mesmo existe a idea de que un país que se dedica a tarefas agrarias,

gandeiras e forestais é pobre; de que a restrición destes sectores é síntoma de dinamismo. Nós non acreditamos niso. Os países máis potentes, no século XX e no presente, teñen unha agrogandería puxante que lles permite, en intres difíciles, asentarse na base da súa soberanía alimentaria.

Polo tanto, creo que hai que inverter esa actitude de desánimo dos produtores, que ven na actividade agrogandeira unha carreira de obstáculos e que, en moitas ocasións, comprobaron que a Administración remata sendo un obstáculo máis. A nosa primeira tarefa será que a Xunta sexa unha axuda, e non un obstáculo.

En segundo lugar, hai que facer un corpo común con toda a xente que está traballando no sector agrogandeiro, sexan sindicatos, cooperativas ou industrias; con diálogo permanente.

Outro dos piares da nosa acción de goberno será tentar completar os ciclos produtivos de diversos sectores agrarios do noso país, axudando a pechalos para que incorporen maior valor engadido.



Esta é a primeira vez que un nacionalista ocupa os despachos de Agricultura en San Caetano

Tamén avaliaremos as vantaxes comparativas de Galiza para definir expectativas e modelos de crecemento nos diversos sectores.

En definitiva, queremos valorizar o que existe, e

sacar á superficie as vantaxes comparativas do campo galego con respecto ao noso entorno. E iso a curto prazo para cambiar as tendencias, pois o campo está nunha situación delicada.

“A administración debe ser axuda e non un obstáculo para a actividade labrega”

■ **O agro galego sufriu nas últimas décadas unha reconversión brutal que o deixou envellecido, despoboad, con miles de explotacións pechadas no camiño, e moi poucas esperanzas. ¿Que lle parecen unhas palabras de ánimo para rematar?**

É certo que unha tendencia como a actual, nun sector coma o agro nas súas múltiples facetas, non se cambia da noite para a mañá. Polo tanto, hai que pedir unha certa dose de paciencia.

Eu estou convencido de que o potencial do agro galego é enorme e que, traballando todos nunha dirección positiva, se pode cambiar esa tendencia. E ese cambio de tendencia, a medio e longo prazo, acabará por facer que o agro galego sexa potente e solvente, potenciando as nosas vantaxes comparativas, e permitindo que a xente que se dedica á actividade agrícola, gandeira ou forestal, viva dignamente.

Eu o que lles quero transmitir a toda a xente que traballa, dun xeito ou outro, nos diversos sectores agrogandeiros e forestais, é que nós collemos a Consellaría para tentar, dunha vez por todas, que se entenda que a Administración e a política teñen que estar ao seu servizo e que, polo tanto, nunca poden ser un obstáculo; cómpre virar a tendencia a pensar que as actividades labregas son unha auténtica carreira de obstáculos que leva ao abandono.

“Cómpre facer corpo común para evitar que a supertaxa sexa unha nova reconversión”

■ **¿Pode adiantarnos algunha das primeiras medidas que vai adoptar o seu departamento?**

Por exemplo, no eido forestal tentaremos recuperar un deseño que se fixo a comezos dos oitenta no Parlamento Galego baseado nunha auténtica política preventiva. Para iso, convocarase unha mesa do sector forestal na que estarán Consellaría, sindicatos, organizacións, industrias e comunidades de montes, e que deberá actualizar esas medidas. E isto dun xeito inmediato, para que a mediados de outono poidamos executar esas accións. Iso sen esquecer que este tipo de políticas preventivas dan resulta-

dos a medio e longo prazo, polo que o operativo contra incendios deberá manterse, revisando o que faga falla.

Tamén imos analizar en detalle a posibilidade de facer reestruturacións para primar aínda máis a calidade de determinados tipos de explotacións, como as vitícolas.

Isto é parte do traballo que estamos deseñando, que presentaremos no outono ante o Parlamento Galego.

■ **¿Como recibiu a nova de que se lle vai impoñer ás explotacións lácteas galegas unha supertaxa de 14'6 millóns de euros?**

A nosa reacción foi de enorme preocupación, porque lle vén outro pao a

un sector ten sufrido importantes agresións. Así, ponse de novo en solfa o sistema de cotas, que non resolve o problema, nin ofrece expectativas a cousas tan elementais coma o incremento da poboación do Estado: tense incrementado a poboación e a cota mantense igual de constrinxida.

Estamos analizando o problema dende o punto de vista xurídico e técnico e, de maneira urxente, imos convocar a sindicatos, cooperativas e industrias para tentar elaborar unha estratexia conxunta que nos permita facer un corpo común para tentar que esta supertaxa non se converta nunha nova reconversión para o sector.

Editorial

Menos mal que no Ministerio de Agricultura teñen talante

Todos os partidos políticos repiten ata a saciedade determinadas consignas para que callen na xente. No PSOE, non hai dúbida que a mensaxe estrela para esta lexislatura resúmese nunha palabra reiterada día tras día nos medios de comunicación: talante.

Por curiosidade, e tras ano e medio de goberno dos socialistas, en Fouce propuxémonos como reto analizar que é iso do talante no Ministerio de Agricultura, que é de quen compete falar nestas páxinas. É de supor que o talante sexa a principal diferenza con respecto ás políticas agrarias do PP, anterior partido gobernante. Vexámolas.

A primeira diferenza é a constitución de mesas de diálogo para os temas agrarios fundamentais, como pode ser o dos transxénicos. Así, o Ministerio de Agricultura convocou en marzo ás organizacións agrarias e ecoloxistas máis representativas do Estado para analizar o borrador da que sería a futura Lei de Coexistencia cos OXMs, e tentar melloralas. Catro meses despois, o Ministerio presentou ese borrador sen case ningunha modificación xa como proposta de lei, legalizando a contaminación transxénica e a súa expansión, pregándose aos intereses das multinacionais e das industrias da manipulación xenética, e obviando as propostas das organizacións.

Outro tanto fixo coa obrigatoriedade de identificar electronicamente o gando ovino e caprino, un gasto inasumíbel para as pequenas explotacións -algo do que se lle informou ao Ministerio de Agricultura tamén en "mesas de diálogo"-, pero que vén de adoptar rango de lei desoíndo de novo ao sector.

Tamén co tema do leite dialogou coas organizacións agrarias para crear o Plan de Reestruturación do Sector Lácteo (PRSL). Nese intre, curiosamente pouco antes das Eleccións Autonómicas ao Parlamento de Galiza, o Ministerio de Agricultura proclamaba que ese PRSL fora especialmente deseñado para favorecer ao sector lácteo galego, xa que se beneficiarían del o 80% das explotacións, que acadarían a cualificación de "prioritarias". A pesares de que o Ministerio cocese o devandito PRSL sen consultarlle nada ao sector en Galiza, pódese dicir que ata aí todo foi ben, e o meirande contentos.



Ata agosto. Xusto cando o novo Conselleiro de Medio Rural, Alfredo Suárez Canal, tomaba posesión do seu cargo, o Ministerio facíalle un galano ao sector lácteo galego e ás súas explotacións "prioritarias": unha multa de 14'6 millóns de euros en concepto de supertaxa (non houbo supertaxa dende a campaña 1999-2000). En total, unhas 3.500 explotacións multadas, das cales o 81% (sobre 2.300) cunha cota produtiva por baixo dos 200.000 quilos, é dicir, "prioritarias".

E menos mal que a Ministra, Elena Espinosa, seica é galega. Digo isto porque outro dos galanos de agosto para o agro galego foi deixalo fóra das axudas polos estragos causados pola seca e as xeadas no agro. Desta maneira, o sector agrogandeiro galego non poderá tocar nin un céntimo dos máis de 200 millóns de euros que engrosan o fondo de compensación creado para esta finalidade.

Si, menos mal que Elena Espinosa é galega. Ela foi a única titular, entre todas as persoas que dirixiron o Ministerio de Agricultura, que se negou a recibir ao Sindicato Labrego Galego para coñecer as súas propostas e iniciar, dun xeito oficioso tan sequera, relacións cunha organización que representa á cuarta parte dos labregos e labregas de Galiza; unha organización que xa defendía os intereses do agro galego en plena dictadura, cando Espinosa deixaba a infancia para comezar a ser adolescente.

Daquela, á luz de todos estes datos, dedúcese que talante, no caso do Ministerio de Agricultura, significa:

1º. Desprezar ao Sindicato Labrego Galego como ningún fixo antes e, con el, á

cuarta parte dos labregos e labregas de Galiza, que non son pouca xente.

2º. Convocar mesas de diálogo para facerse unha foto que apareza na prensa e escenificar o talante e a capacidade de diálogo do Ministerio de Agricultura. Acto seguido -desta vez sen foto-, ignorar as propostas das organizacións representativas do sector e facer o que lle pete (normalmente, cando o Ministerio de Agricultura fai o que lle peta, adoita a coincidir cos intereses das multinacionais e da industria).

3º. Cando falamos de talante mesturado coa galeguidade da Ministra, entón hai que poñerse a tremer: na primeira semana de agosto, a imposición da supertaxa ao sector lácteo galego, e a exclusión das axudas pola seca e as xeadas, facían perder ao noso agro ducias de millóns de euros (moitos miles de millóns das antigas pesetas).

Vendo este panorama, a Ministra de Agricultura pode aforrar o seu talante e centrar esforzos en gobernar para o agro da terra que a viu nacer con accións que, de seguro, serán moi ben recibidas polos labregos e labregas deste país: eximir do pago da supertaxa a esas explotacións que o PRSL cualificou de prioritarias, incluír a Galiza na lista de comunidades beneficiadas polas compensacións aos danos da seca e as xeadas, respectar a voz das organizacións agrarias que son as que representan ao sector, ou escoitar ao SLG -aínda que sexa sen gastar talante, só por educación-. Confiemos en que non haxa que agardar á próxima campaña electoral para que o Ministerio de Agricultura se decida a facer algo útil por Galiza.

O Ministerio castiga ao leite galego cunha multa de 14'6 millóns de euros

Ademais da supertaxa, Madrid excluíra a Galiza das axudas para paliar os danos pola seca e as xeadas

O Ministerio de Agricultura aproveitou agosto para facerlle dous "galanos" ao agro galego: unha multa de 14'6 millóns de euros ao sector lácteo en concepto de supertaxa, e a exclusión das axudas para paliar os danos da seca e as xeadas. Polo de agora, o SLG xa solicitou publicamente que o Ministerio non lle cobre a supertaxa ás explotacións galegas cualificadas como prioritarias no Plan de Reestruturación do Sector Lácteo, que son o 80%; e que indemnice tamén a Galiza polos estragos causados pola calor e o xeo nos cultivos.

O Ministerio de Agricultura anunciou en agosto que o sector lácteo español superou a súa cota produtiva en 68.000 toneladas, polo que se lle vai impoñer unha sanción de 22 millóns de euros en concepto de supertaxa.

Coma sempre, Galiza é a peor parada por ter máis explotacións. Das 68.000 toneladas de exceso, seica dous tercios corresponden ás vacas galegas. Así, segundo os datos achegados pola Consellaría, están afectadas unhas 3.500 explotacións, que deberán asumir unha multa de 14'6 millóns de euros. Todo un galano para un sector que, meses atrás, con ocasión do Plan de Reestruturación do Sector Lácteo (PRSL), tiña un 80% de explotacións que producían por baixo da media estatal e que eran consideradas "prioritarias".

A reacción do Sindicato Labrego Galego foi inmediata, esixindo que esas explotacións cualificadas como prioritarias no PRSL



O Conselleiro de Medio Rural convocou con urxencia aos sindicatos para tratar a supertaxa

fiquen exentas de pagar a multa. Nun comunicado público, o SLG denunciou que "non é de recibo que, hai uns meses, o Ministerio se declarase especialmente sensible con estas explotacións, xa que son as que necesitan máis apoios para poder con-

tinuar coa súa actividade, e que agora lles impoña unha multa de máis de catorce millóns de euros". Engadindo que "esta sanción vai gravar dun xeito inasumíbel a un sector que, recentemente, vén de endebedarse ao investir moitos cartos na

compra de cota láctea dentro do PRSL, e que está en xaque por un forte aumento dos prezos de produción debidos á seca -perda dunha colleita de forraxes naturais, e suba de cereais para gando e pensos-, e ao incremento no valor do gasóleo".

O SLG lémbrale a Suárez Canal a necesidade de controlar os prezos do leite

O 8 de agosto, as organizacións agrarias reuníronse co Conselleiro de Medio Rural para falar da supertaxa. Por parte do SLG acudiron a Secretaria Xeral, Lidia Senra, e Manuel da Cal. Ambos valoraron "moi positivamente" que o Conselleiro convocase ás organizacións para falar deste problema".

Lidia Senra suxeriu a necesidade adoptar "unha posición común para que o Ministerio de Agricultura asuma responsabilidades neste tema, xa que non ten sentido un Plan de Reestruturación do Sector Lácteo que cualificou de "prioritarias" o 80% das explotacións lácteas galegas, para agora impoñerlles esta multa". Precisamente, o 81% das explotacións afectadas pola supertaxa -sobre 2.300- teñen a cota produtiva por baixo dos 200.000 quilos.

Lidia Senra comentoulle a Suárez Canal a necesidade de traballar nunha política de prezos, pois "é imposible falar dun control da produción se non se controlan os prezos". Neste senso, Senra lembrou que será necesario que a Xunta adopte unha posición contraria á liberalización dos mercados agrarios que quere impoñer a Organización Mundial do Comercio (OMC), pois pode traer consecuencias catastróficas para os prezos dos produtos agrarios, afectando de cheo ao leite". Cómpre dicir, que foi o SLG a única organización que advertiu sobre esta ameaza.

Santiso non solicitou indemnizacións a pesares de que o SLG o avisou

Outro dos galanos do Ministerio foi deixar a Galiza fóra das axudas para paliar os danos polas adversidades climáticas.

En principio, esta exclusión vén motivada pola incompetencia do anterior Conselleiro de Política Agroalimentaria, Xosé Antonio Santiso Miramontes, que non solicitou compensacións económicas para o agro galego tralas perdas sufridas polas xeadas e a seca. Por se fose pouco, o SLG pedíralle a Santiso Miramontes, a través dun escrito oficial rexistrado coa suficiente antelación, que solicitase as devanditas axudas, polo que a actitude do ex-Conselleiro acada o rango dun flagrante abandono de funcións que prexudica seriamente a todo o agro galego. Galiza, en principio, non

poderá tocar nin un céntimo dos 200 millóns de euros do fondo de compensación creado para esta fin.

Non embargante, o SLG cre que esta manifesta incompetencia non serve de escusa para negarlle as axudas a Galiza cando se teñen demostrado abondosas perdas económicas neste eido. Cómpre lembrar que a Galiza labrega está a sufrir importantes danos pola seca e outras adversidades climáticas neste ano 2005, sobre todo en pastos, forraxes, horta de inverno e planta para os cultivos de primavera. Exemplos disto témolos na perda da primeira corta de herba a causa da seca, ou estragos nunha importante porcentaxe da horta de inverno por mor das fortes xeadas. A isto habería que engadir o gran incremento dos custes

de produción na actividade agropecuaria pola obriga de ter que mercar alimentos para o gando fóra da explotación, ou plantas para os invernadoiros. Tamén subiu o prezo dos cereais para alimentación animal, e houbo atrasos na plantación no sector hortícola. En caso de que persista a seca, Galiza podería ter serios problemas nos seus pastos e nos cultivos de millo para ensilado.

Por todas estas razóns, o Sindicato Labrego Galego solicitou do Ministerio de Agricultura que inclúa excepcionalmente a Galiza como zona afectada pola seca e as xeadas, alegando que a interinidade do goberno da Xunta tralas eleccións autonómicas do 19 de xuño puido influír neste grave e inxustificable abandono de funcións.

O SLG inicia en Vigo unha campaña contra a OMC que durará ata decembro

A campaña forma parte da loita do Sindicato para reivindicar un prezo xusto para os produtos agrarios

O SLG iniciou a finais de xullo a súa campaña contra a OMC. Os motivos de que o Sindicato Labrego poña tanto empeño e esforzo na loita contra un organismo ás penas coñecido pola

ciudadanía son ben claros: a OMC é a responsábel directa dos prezos de mi-seria que cobran os labregos e labregas de todo o mundo, incluída Galiza; e de que na nosa mesa nos vexamos

obrigados a poñer alimentos inseguros e pouco fiábeis. En decembro, a OMC celebrará un novo cumio en Hong Kong, polo que cómpre facer presión ante o Goberno e a Unión Europea.

Vigo foi a primeira vila galega onde se instalou a carpa informativa da campaña contra a OMC. Conferencias, proxección de documentais, ou degustación e venda de produtos labregos, foron algúns dos xeitos elixidos para concienciar á xente que traballa no agro, e á cidadanía, das consecuencias que as decisións da OMC teñen sobre as nosas vidas. Actos semellantes repetíronse en vilas como Verín, A Rúa ou Ribadavia durante o mes de agosto.

Previamente, a Secretaria Xeral do SLG, Lidia Senra, explicaba nunha rolda de prensa os motivos para realizar esta campaña: "acadar que a renda agraria veña dada polos prezos, e non polas axudas que se nos propoñen desde as políticas agrarias".

Facendo memoria, Lidia Senra relacionou a baixada xeral dos produtos agrarios "co acordo de 1994 entre moitos países do mundo -incluídas a Unión Eu-



A campaña está servindo para dar a coñecer os produtos labregos a unha cidadanía afeita a mercar no "super"

ropea e España-, de incluír a agricultura nas negociacións do comercio internacional. Ese ano, ao incluír a agricultura no GATT, que hoxe é a OMC e, polo tanto, ao liberalizar os mercados agrarios, iniciouse, na Unión Europea e nos seus estados, unha modificación das políticas agrarias para baixar os prezos e equiparalos ao mercado mundial".

Ese acordo de 1994 incluía tamén a redución dos aranceis nun 36%, e a obriga de importar o 5% dos produtos de países terceiros.

Senra denunciou que "todo isto exerceu moita presión sobre o mercado, e conduciu á baixada de prezos. O SLG ten moi claro que a caída dos prezos é consecuencia da decisión política dos gobernos e da Unión Europea".

O Goberno español e a UE deben abandonar a idea de liberalizar os mercados agrarios

En canto á campaña iniciada polo SLG, Lidia Senra afirmou que "se vai prolongar no tempo". Neste senso, o Sindicato Labrego está realizando agora "a primeira etapa desas mobilizacións, que chegará a decembro, porque nese mes a OMC tentará chegar a un acordo definitivo para seguir liberalizando os mercados agrarios e, polo tanto, seguir nesta tendencia de caída de prezos, de incremento da cantidade de produtos que se poden importar, e de redución dos aranceis para acadar unha desprotección total; é dicir, queren chegar a un mercado global no que non haxa ningún tipo de trabas para que as multinacionais poidan comercializar produtos agrícolas en cada país do mundo".

A intención do SLG coas

súas accións reivindicativas é a de "facer presión para que, dende o Goberno español e dende a Unión Europea, pensen en frear as reunións da OMC, abandonen a intención de seguir liberalizando os mercados agrarios e que, fronte a isto, recuperemos os prezos dos nosos produtos de tal xeito que cubran os custes e o traballo de produción, que a agricultura e a alimentación fiquen fóra das negociacións da OMC". Nós entendemos que a alimentación é un dereito humano básico, e que deben ser os gobernos quen garantan que toda a cidadanía teña acceso a eles.

Nós cremos tamén que os labregos e labregas de cada país deben ter o dereito a producir a alimentación para o seu pobo".

San Mamede, en Oroso, acolle a terceira Romaría por un Mundo Rural Vivo

A principios de xullo un grupo de veciños e veciñas de Cardama comezamos a organizar con moita ilusión o que sería a III Romería por un Mundo Rural Vivo.

Preparamos o material e as cousas necesarias da festa ao tempo que convidamos e animamos a participar con nós á veciñanza e familiares de toda a comarca. E entre preparativos, pequenos incidentes de última hora e, por suposto, a herba seca, chegou o xoves 14.

Celebramos a romaría en San Mamede, no concello de Oroso. O lugar escollido foi a área recreativa de Os Ánxeles, ao pé do río Maruzo, cun muíño ás nosas costas e

baixo a sombra dos carballos. Trouxemos canda nós os produtos das nosas casas: Ovos, chourizos, pementos, xamón, empanadas e tortillas, cenorias, leitugas, remolacha, froitas diversas, patacas, pan, bolas de liscos e de carne, conservas diversas, marmelos e queixos foron enchendo a mesa preparada para a exposición de produtos da comarca, e tamén, ¡como non!, viño, augardente e licor de amorodos para espertar as ledicias.

Lidia Senra continuou a xornada recordándonos a importancia dos mercados locais e das feiras, así como a unión que debemos ir creando entre produtoras e pro-



Numerosas actividades animaron a xornada das persoas que asistiron á Romaría labrega

dutores, e consumidoras e consumidores, para producir e comer alimentos sans.

As políticas da Organización Mundial do Comercio (OMC) buscan anular tales mercados para favorecer as multinacionais agroalimentarias. O SLG está iniciando unha forte campaña neste senso, que tamén levaremos adiante na comar-

ca para favorecer un mercado local comarcal.

E a romaría continuou co xantar, coas carreiras de sacos e os xogos, e coa queimada para esconxurar males; todo aledado polo acordeón, o bombo e demais instrumentos dos grupos Lesta (Ordes) e Gorgullos (Tordoia), que nos fixeron bailar a son de muiñeira, de

vals, e de polca; e que tamén nos regalaban coas voces.

Non nos cabe a menor dúbida de que tamén a romaría deste ano foi un día cheo de encontro e convivencia, que alimentou a nosa alegría e as nosas ganas de vivir. Xuntos e xuntas queremos sacar ánimos para a organización de proxectos novos para a comarca.

ESPECIAL

FOUCE

Verán 2005



VIÑO

2

Opinión: Carta da Secretaría Xeral do SLG ao sector, e táboa reivindicativa do Sindicato para o viño.

3

Novas do sector: O SLG globaliza a súa defensa do sector vitivinícola galego.

4

Entrevista a Francisco Pérez Diéguez “Xico”, viticultor e adegueiro da DO Monterrei.

5

Entrevista a Xesús Verao, viticultor, adegueiro e vocal da Denominación de Orixe Ribeira Sacra.

6

7

Viaxe polo viño galego: Reportaxe naque Fouce falou con cinco viticultores e viticultoras das DO galegas.

8

Entrevista a Xosé Manuel González Vilas, responsábel sindical nos sectores agrarios do SLG



Viticultores e viticultoras da Denominación de Orixe Ribeiro realizando labores de esfolado, na parroquia de Santo André, no municipio ourensán de Ribadavia

Novos tempos para a viticultura galega

Cando estamos a un paso de que chegue a vendima, Fouce publica este especial sobre o viño galego. Nel, os lectores e lectoras atoparán entrevistas a Francisco Pérez Diéguez, viticultor de Monterrei; Xesús Verao, vocal do Consello Regulador de Ribeira Sacra; e a Xosé Manuel González Vilas, secretario de acción sindical nos sectores agrarios do SLG. Para dar unha visión máis global do panorama vitivinícola galego, hai unha reportaxe onde se poderán escoitar voces de todas as denomi-

nacións de orixe, así como as súas principais demandas e preocupacións. Completan este suplemento diversas novas de actualidade, e as palabras da Secretaría Xeral do Sindicato Labrego, Lidia Senra, ás xentes que viven do sector en Galiza.

Con esta publicación, Fouce fai un esforzo para manter informado a un tipo de produción agraria que ten unha enorme potencialidade no noso país, e un futuro cheo de retos a realizar.

Polo demais, o Sindicato Labrego Galego

seguirá coa súa intensa actividade no mundo do viño, denunciando o que haxa que denunciar, e achegando a súa axuda alí onde cumpra. Neste senso, xa houbo éxitos, como a creación de contratos entre adegas e viticultores, un labor asumido diante da inoperancia demostrada ata agora pola Administración.

Cos últimos trocos políticos, novos tempos veñen para a agricultura galega en xeral, e para o viño en particular. Agardemos que sexan mellores que os precedentes.





O SLG globaliza a súa loita en defensa do sector vitivinícola galego

O viño tivo un protagonismo especial nos primeiros actos en Vigo dunha campaña galega contra a OMC

O Sindicato Labrego Galego comezou, a finais de xullo, unha campaña contra a Organización Mundial do Comercio (OMC), por ser esta a causante da caída dos prezos agrarios e da invasión do noso país por produtos foráneos, incluído o viño. Así, o SLG realizará por toda Galiza conferencias, proxeción de documentais, amais de dar a coñecer e vender produtos labregos, coa intención de informar e denunciar as intencións deste organismo. O primeiro lugar elixido para facer estes actos foi Vigo, onde a actividade vitivinícola ten un especial protagonismo.

Nunha charla diante dun cento de labregos e labregas vidos de Rías Baixas -tanto da zona do Salnés, como do Condado e do Rosal-, de Valdeorras, do Ribeiro, da Ribeira Sacra e de Montereí; o responsábel dos sectores agrarios do SLG, Xosé Manuel González Vilas, comezou dicindo que "non é casualidade que comezamos en Vigo, pois unha das loitas fundamentais que queremos reivindicar hoxe é a defensa do noso viño".

Vilas incidíu á hora de defender que "é posible outra agricultura, outra relación entre os labregos e labregas e a cidadanía deste país; tamén é posible facer viños de calidade, sans, sen empregar pesticidas sistémicos, sen recorrer á manipulación xenética ou ás alteracións matuteiras ás que estamos afeitos". Fronte a este tipo de agricultura, o responsábel dos sectores agrarios do SLG reivindicou "o sistema labrego".

A cuestión dos prezos tamén foi abordada, por ser

un problema común a todos os sectores agropecuarios da Galiza. Vilas lamentouse de que "ano tras ano hai un afundimento dos prezos, seguimos vendo as tácticas de sempre por certo sector almacenista, de certo sector matuteiro como nós lle chamamos".

En relación a isto, lembrou as cartas que, recentemente, algunhas adegas de Rías Baixas remitiron a colleiteiros anunciándolles que non lles ían recoller a uva, xusto agora que está a piques de chegar a vendima. Isto supón "unha humillación constante por parte de certo sector industrial que se está aproveitando da xente da vendima, pois saben que as uvas maduras pouco poden durar nas cepas, e xogan con iso para forzar a que lles entreguen as uvas sen prezo. Ao final, atopámonos con que, cada vez máis, o rolla e a botella custan máis cá uva". No resto do Estado a situación non é mellor, onde "a situación chega a ser tan



González Vilas explicou a un cento de persoas en Vigo as consecuencias das accións da OMC sobre o viño galego

humillante que incluso están pagando a 20 e 30 pesetas o litro de viño. Nós non chegamos a ese nivel, pero hai quen ten ganas de chegar".

Para González Vilas, "debemos decatarnos de que aín-

da somos unha potencia no viño, non no sentido de que vendamos moito a nivel mundial, senón porque en Galiza seguimos consumindo preferentemente os nosos viños".

Imposíbel competir contra viños feitos con man de obra escrava

En canto á Organización Mundial do Comercio, Vilas advertiu que "os acordos mundiais que se queren levar adiante na OMC poden ser catastróficos para nós, porque a vitivinicultura galega depende moito dunhas estruturas parcelarias e dunha forma de producir únicas no mundo.

Se nos veñen con viños feitos con man de obra escravizada, como ocorre en Chile ou Sudáfrica; ou viños de matute como no caso de algún cargamento de Arxentina que paga a menos de 20 pesetas o litro, entón non temos nada que facer. Si vedes un viño a ese prezo, seguro que tras del hai explotación da xente, e alteración do produto".

O SLG esixe indemnizacións para as viñas d'A Rúa arrasadas polo lume

O Sindicato Labrego Galego en Ourense fixo pública a súa preocupación diante dos incendios forestais do último mes, pois afectaron seriamente á actividade agraria nalgúns zonas.

En concreto, o SLG denunciou a ineficacia dos dispositivos contra incendios, que non puideron evitar que ficasen arrasados varios viñedos no concello de A Rúa, na comarca de Valdeorras. En efecto, os últimos lumes nesa bisbarra destruíron varias plantacións de vide, tanto de cepas vellas que levaban

moitos anos producindo, como doutras novas acollidas a plans de reestruturación, arruinando así o medio de vida de moitas familias labregas.

A destrución deste tipo de cultivos é especialmente preocupante, pois ao ser plantas que renden a medio e longo prazo tardaranse anos en recuperar o mesmo nivel de produción.

Para o Sindicato Labrego Galego, as reponsábeis indirectas destes lumes foron as políticas levadas a cabo polas anteriores consellarías de Política Agroali-

mentaria e de Medio Ambiente, xa que tiñan entre as súas funcións e obrigas a de realizar unha ordenación axeitada do medio rural e dos usos agrícolas que, de levarse a cabo correctamente, evitaría os incendios.

Por esa razón, o Sindicato Labrego Galego demandará de ambas consellarías, agora xestionadas polo Goberno bipartito, que indemnicen aos viticultores afectados, tanto para repór os viñedos destruídos como para compensar o lucro cesante pola interrupción da súa actividade.

O Sindicato Labrego pide a Mesa do Viño para acadar prezos xustos para a uva

O Sindicato Labrego Galego denunciou en xullo o envío de cartas, por parte de varias adegas acollidas á Denominación de Orixe Rías Baixas, nas que lle comunicaban aos seus provedores de sempre que nesta campaña non se lles vai mercar a colleita de uva.

Trátase dunha práctica longamente coñecida no sector vitícola galego, aínda que inédita ata o de agora en Rías Baixas, e que pretende que os colleiteiros tiren os prezos das uvas para poder sacar a produción.

O Sindicato Labrego Galego amosou publica-

mente o seu rexeitamento deste tipo de prácticas. Ademais, ten intención solicitar do novo Conselleiro de Medio Rural, Alfredo Suárez Canal, que reúna, con carácter de urxencia, ás distintas partes do sector vitivinícola nunha Mesa do Viño para solucionar este problema.

Neste marco negociador, do mesmo xeito que agora de maneira reivindicativa, o SLG demandará uns prezos xustos para a uva que cubran os custes de produción e o traballo agrario. A Consellaría xa amosou a súa intención de crear vías estabéis de diálogo.



Francisco Pérez Diéguez “Xico”, viticultor e adegueiro da Denominación de Orixe Monterrei

“En Monterrei, temos unha das mellores calidades de Galiza en viños tintos”

O oficio do viño venlle a Francisco Pérez Diéguez, coñecido como Xico, de familia: xa os seus avós vendimaban na parroquia de Mandín, nas terras arraianas de Monterrei. Traba-

llador do Sindicato Labrego Galego entre 1991 e 1995, vai agora para seis anos que decidiu retomar a herdanza familiar e plantar os seus propios viñedos: tres hectáreas nas que colleita

Mencia, Bastardo, Tempranillo, Dona Branca e Godello. Hoxe, é o último viticultor de Mandín, unha parroquia na que chegou a haber, hai trinta anos, un cento de adegas familiares.

■ ¿Como ve a situación da Denominación de Orixe Monterrei?

O tema vitivinícola no Val de Monterrei está bastante desartellado. Creo que se perdeu moita superficie vitivinícola, pois houbo moitos dereitos históricos que non se contemplaron cando se fixo o censo, e tamén porque se venderon moitos dereitos para outras denominacións de orixe (DO). Isto vai traer consecuencias nefastas para a zona.

Só a partir de que se acadou a DO houbo un pequeno pulo, pasándose dunha viticultura de pequenos colleiteiros tradicionais a outra na que aparecen as primeiras adegas, aínda que desapareceu a única cooperativa que existía na comarca.

Con todo, a DO de Monterrei segue a padecer o descoñecemento, segue sendo unha viticultura que fai viño para outras denominacións, co cal hai unha perda de valor engadido que debería ficar na comarca en beneficio doutras zonas coma o Ribeiro e Rías Baixas.

■ ¿Existen cifras dos dereitos que perdeu Monterrei?

Non coñezo a situación global pero, a *grosso modo*, segundo o que aconteceu na miña parroquia, aquí ficaron máis da metade dos dereitos sen recoñecer, e pode acontecer algo semellante no resto da comarca. En zonas de montaña, onde a viticultura era máis marxinal, perdéronse aínda máis dereitos.

■ Daquela, o Consello Regulador (CR) non semella estar facendo ben as súas tarefas.

Non, para nada. Un dos indicadores diso é que case ninguén coñece a DO Monterrei, mesmo na provincia



Xico é un dos poucos viticultores da zona que seguen cultivando a variedade Dona Branca

de Ourense e en vilas veciñas coma Xinzo, a pesares de que tradicionalmente vendimos boa parte da nosa produción en terras da Limia e de Monforte. Con todo, temos unha calidade das mellores de Galiza en viños tintos, semellante a Valde-

rras, que é moito máis coñecida; e en canto aos brancos, temos un grandísimo potencial. Aquí temos unhas condicións climáticas semellantes ás do sur de Castela e á Ribeira do Douro, a metade camiño entre o clima atlántico e continental, o cal

fai moi interesante a esta zona para producir viños.

■ ¿Ese descoñecemento de Monterrei ven entón dunha mala promoción?

Si. Eu creo que Monterrei non é coñecido porque non lle interesou á Administración, xa que había intere-

ses noutras zonas vitivinícolas que querían facer de Monterrei unha adega a granel para fornecerse de cantidades inxentes de uva e viños baratos. Agora temos menos produción e máis calidade, pero ao non sermos coñecidos non é nada.

■ Como sindicalista que foi, e agora labrego, coñecerá ben as relacións entre adegas e colleiteiros.

Aquí é moi difícil xuntar adegas. As que hai son de recente creación e queda moito por facer, pero non é doado. Eu creo que, por apatía, o CR non ten feito o seu labor en canto a ter as adegas unidas para traballar todas na mesma dirección. Creo que ese é un problema: que o CR e as adegas non teñen moi claro o que debe ser Monterrei. Hai quen defende a calidade, e a promoción debe ir unida a isto; pero moitos cónfórmanse só coa etiqueta. Debemos ter moi claro o viño que queremos facer antes de promovelos.

“Deberíanse fomentar as pequenas adegas entre 15.000 e 60.000 litros”

■ ¿Como valoraría a política vitivinícola da anterior Xunta?

Podo falar por experiencia. Eu teño unha explotación de viñado e a burocracia e o papeleo desaniman moito. A Administración non facilita nada con tanto trámite, e as subvencións son escasas chegan tarde.

Deberían fomentar pequenas adegas de colleiteiro como a miña, cunha produción entre 15.000 e 60.000 litros. No SLG, sabemos que para fixar poboación nas aldeas son máis útiles esas pequenas empresas viáveis, que fagan viños de calidade. Pero iso non se está a facer, a xente non se anima. En Mandín, a miña é a única explotación en activo, e non creo que se poñan en marcha outras porque non hai xente moza que se incorpore.

■ Di que só queda a súa explotación en Mandín. ¿Cantas había antes?

Aquí chegou a haber máis de cen adegas. Practicamente, cada casa era unha adega. E, polo menos, desas cen había dez que producían máis de mil olas (16.000 litros). Falo de hai trinta anos. Iso perdeuse. Hoxe, Mandín non dá máis de mil pesetas en viticultura. Só comezará a xerar riqueza de novo cando eu volva producir viño.

■ Iso vai ser moi difícil de recuperar.

Iso vai ser un labor que o vindeiro goberno ten que facer, e debe animar á xente dende as propias axencias de extensión agraria. Os axentes de extensión agraria abandonaron a dinamización da agricultura polo papeleo. É mellor que nos simplifiquen ese papeleo, e que se dediquen a for-


mar labregos mozos e a volver ás aldeas para animar, para informar sobre subvencións, para fomentar outra vez a agricultura.

■ Entón, ¿que lle pediría ao novo goberno da Xunta?

Que recupere o equilibrio da Galiza interior coa da costa. O abandono rural nas provincias de Ourense e Lugo é brutal e salvaxe; cómpre vivir nas aldeas para decatarse. Eu pediríalle unha política decidida de defensa do rural, das aldeas, dos agricultores, tratando de dignificalos, procurando que a mocidade que aínda vive nas aldeas fiquen nelas facéndolle ver que vai ter un apoio decidido da Administración. Só así podemos volver facer que nas aldeas non sigan pechando casas e emigrando a xente.

O TRABALLO SEN RISCOS

Normas básicas nas actividades agrarias, gandeiras e forestais



O sector agropecuario galego estivo, durante moitos anos, completamente orfo de calquera tipo de programa ou iniciativa pública que tivera como obxectivo reducir o elevado nivel de sinistralidade laboral. Por desgracia, estamos a falar dun dos sectores de actividade con maiores problemas en dita materia.

Como consecuencia do que foi, tanto tempo, unha actitude de importante pasividade por parte dos poderes públicos, o Sindicato Labrego Galego optou por intensificar o seu esforzo na prevención dos riscos laborais. Para iso, propúxose como obxectivo buscar e pro-

mover o inicio dunha actividade formadora e informadora neste eido que rompa con esa situación de esquecemento e ignorancia que sufre a saúde laboral no agro.

Dese esforzo xurdiron dous convenios de colaboración coa Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais asinados nos anos 2004 e 2005. Se ben soamente constitúen o inicio dunha longa andaina, han servir para establecer as bases dun claro cambio de tendencia para que a prevención de riscos no sector agrogandeiro, facendo que este deixe de ser o "irmán esquecido" das políticas de saúde laboral.

Nese senso, o devandito convenio avoga por acadar como obxectivo final a progresiva implantación dunha cultura preventiva no noso agro, e así mellorar as condicións de traballo e reducir sinistralidade no traballo agrario.

No marco desta filosofía, inscríbese un amplo programa de accións e iniciativas, do que forma parte a presente publicación, cun carácter eminentemente práctico, consistente en consellos sinxelos e concretos, pero de gran utilidade e necesidade.

Gabinete de Formación do SLG

■ RISCOS XERAIS



■ Caídas

- ✓ Protexer as aberturas no chan, camiños, accesos.
- ✓ Empregar escaleiras (de man, nos silos, etcétera) en bo estado.
- ✓ Manter a orde e a limpeza nos lugares (en especial, nas zonas de paso).
- ✓ Colocar as ferramentas ordenadas e limpas no seu lugar.
- ✓ Realizar os traballos coa iluminación suficiente.
- ✓ Empregar a vestimenta axeitada, especialmente no referido ao calzado.



■ Proxección de partículas, golpes, cortes e derrubamentos

- ✓ Empregar os equipos de protección individual (EPI) axeitados á tarefa que se vaia realizar.
- ✓ Usar as ferramentas para os fins que lle son propios.
- ✓ Amorear os materiais dun xeito seguro e estábel.
- ✓ Sinalizar e illar correctamente as zonas de perigo.




■ Sobreesforzos e temperaturas extremas

- ✓ Adoptar posturas correctas, especialmente na manipulación de cargas.
- ✓ Botar man da maquinaria e doutras persoas e evitar sempre sobreesforzos.
- ✓ Realizar as tarefas escollendo sempre a fase máis favorábel do día.
- ✓ Empregar roupa de traballo axeitada á temperatura e utilizar protección solar.
- ✓ Beber abundante auga con temperaturas altas para manter unha correcta hidratación.



■ Contactos eléctricos


- ✓ Asegurar que a instalación está sen tensión cando se realicen os traballos en instalacións eléctricas.
- ✓ Revisar as tomas de terra dos equipos eléctricos.
- ✓ Afastarse das liñas de alta tensión cando se realicen traballos.



■ Incendios e explosións

- ✓ Almacenar os produtos combustíbeis en lugares seguros e sinalizados.
- ✓ Eliminar periodicamente a acumulación de po vexetal (silos, almacéns)
- ✓ Dotar as instalacións de elementos de extinción de incendios.

■ SECTOR FORESTAL




■ Os traballos forestais

- ✓ Realizar o traballo sempre na compañía doutras persoas.
- ✓ Camiñar con precaución, dado o superior risco de caídas.
- ✓ Empregar os EPI segundo o traballo que se vaia realizar (proxeccións, cortes, ruído).
- ✓ Contar coa formación e o adestramento precisos para realizar operacións de corte.
- ✓ Dispoñer sempre dunha zona de seguridade, segundo a árbore que se vaia cortar.
- ✓ Situar os operarios a unha distancia mínima de 2'5 veces o tamaño da árbore.
- ✓ Comprobar que non haxa obstáculos na traxectoria de caída.
- ✓ Estudar camiños de retirada diagonais cara a atrás e libres de obstáculos.
- ✓ Ter sempre en conta a forza do vento, o sentido de caída natural e a inclinación da árbore.
- ✓ Avisar sempre da caída e vixiar que non haxa ninguén na zona.

■ A motoserra

- ✓ Acender a máquina en lugares seguros (prohibido no lugar da repostaxe).
- ✓ Asentar os pés de maneira firme e segura, suficientemente separados (prohibido o traballo en escada).
- ✓ Agarrar firmemente co dedo polgar arredor da asa.
- ✓ Serrar coa máquina de arranque a pleno gas, evitando que se atranque.
- ✓ Dispoñer de freo automático e asegurar un correcto afiado da cadea de seguridade par evitar efectos rebote.
- ✓ Empregar a motoserra en alturas inferiores aos ombreiros.
- ✓ Utilizar a cadea en retroceso cando se corta coa punta da espada.
- ✓ Vixiar a parte superior da espada para que non tropece con obxectos.
- ✓ Botar a perna esquerda cara a fóra e cara a adiante (xeonllos dobrados) nas operacións de desramado.
- ✓ Parar o motor cando se realicen desprazamentos.
- ✓ Manter a máquina limpa e en bo estado.



■ PRODUCTOS QUÍMICOS

■ Fitosanitarios

Fase previa á aplicación

1. Almacenamento

- ✓ Almacenar os produtos fitosanitarios en lugares ben ventilados e protexidos da choiva, do sol e da humidade.
- ✓ Clasificalos e colocalos por categorías de perigo.
- ✓ Conservalos nos seus envases orixinais e mantelos en bo estado.
- ✓ Situalos lonxe de fontes de calor ou lapas e dispoñer de extintor.
- ✓ Afastalos dos alimentos e pensos.
- ✓ Mantelos fóra do alcance dos animais e dos nenos.

2. Preparación e mestura

- ✓ Seguir estritamente as indicacións do fabricante.
- ✓ Realizar a mestura sempre que non se teñan feridas ou rozaduras nas mans.
- ✓ Utilizar os EPI e os instrumentos dispostos exclusivamente para esta fin.
- ✓ Comprobar previamente o estado dos equipos.azar a mestura en lugares abertos e ventilados.
- ✓ Facer a mestura lonxe de ríos, regatos e fontes.

Fase de aplicación

- ✓ Dispoñer obrigatoriamente de formación na materia.
- ✓ Empregar os correspondentes EPI durante a aplicación.
- ✓ Realizar os tratamentos de costas ao vento.
- ✓ Comprobar o estado dos equipos, mesmo durante o tratamento.
- ✓ Desatascar as embocaduras dos pulverizadores dun xeito seguro (non soprar).
- ✓ Realizar repousos lonxe da zona de tratamento.
- ✓ Sinalizar sempre as zonas xa tratadas.
- ✓ Afastar os alimentos, tabaco, e bebida do lugar de traballo (non inxerir)
- ✓ Realizar un recoñecemento médico antes de cada tempada.


Fase posterior á aplicación

- ✓ Quitar a roupa xusto despois do tratamento.
- ✓ Lavar e tratar illadamente a roupa empregada.
- ✓ Ducharse a fondo.
- ✓ Manterse fóra da zona tratada ata 24-48 horas, despois do tratamento.
- ✓ Depositar os envases dos residuos nos seus puntos de recollida específicos.

■ Fertilizantes

- ✓ Mecanizar o manexo de fertilizantes.
- ✓ Empregar roupa impermeable, luvas e botas de goma.
- ✓ Vacinarse contra o tétano.
- ✓ Evitar entrar aos recintos pechados con gases de descomposición.

■ MAQUINARIA AGRÍCOLA



■ Maquinaria con elementos de corte

- ✓ Proteger os órganos da área de corte da máquina.
- ✓ Manterse fóra da área de corte da máquina.

Ao realizar operacións de mantemento / limpeza e/ou avaría:

- ✓ Parar o motor e poñer o freo de man.
- ✓ Esperar a que todo se deteña, calzar a máquina e proceder ao arranxo.
- ✓ Desconectar as engranaxes.

■ Tractor

1. Operacións en marcha

- ✓ Traballar en zonas seguras, evitando as pendentes excesivas.
- ✓ Baixar sempre en marchas curtas e dar a volta en "cola de anduriña" ao traballar en pendentes (prohibido o punto morto).
- ✓ Cargar os remolques evitando a sobrecarga.
- ✓ Establecer contrapesos axeitados cando se traballa en pendentes grandes.
- ✓ Usar protectores auditivos (EPI) se o ruído é excesivo.
- ✓ Realizar repousos periódicos e utilizar faixas antivibratorias no caso de vibracións.
- ✓ Subir e baixar co tractor parado empregando os puntos de agarre.
- ✓ Empregar calzado seguro que non esvare.
- ✓ Poñer sempre o cinto de seguridade e empregar as luces.
- ✓ Levar as persoas nos lugares destinados para tal fin (prohibido no gardalamas).

2. Operacións de axuste

- ✓ Asegurarse de que non hai ninguén no radio de acción do tractor apeiro.
- ✓ Poñer sempre o freo de man, quitar as chaves e deixar en posición de aparcamento.
- ✓ Empregar roupa axustada.
- ✓ Manter protexido o eixe de transmisións e a toma de forza.
- ✓ Situar o apeiro no chan sempre que se detén o tractor.
- ✓ Rodear o eixe de transmisións e as partes móbiles á hora de realizar o axuste.
- ✓ Comprobar a correcta fixación ao rematar a operación de axuste.

■ RISCOS ESPECÍFICOS PARA AS MULLERES

■ Nos desprazamentos e no traballo con máquinas

- ✓ Evite os excesos de vibracións.
- ☞ Especialmente no embarazo: abortos, partos prematuros

■ En traballos de longa duración e de posturas forzadas

- ✓ Evite a posición de pé ou sentada sen repousos e sen cambios de postura.
- ☞ Incremento de abortos, partos prematuros e de diminución do peso do bebé.

■ Con produtos perigosos e substancias químicas (fitosanitarios)

- ✓ Evite o seu uso e manipulación e, moi especialmente, cando así o sinale o manual de instrucións e a ficha de seguridade.
- ☞ Especialmente perigoso durante o embarazo, o posparto e a lactación.

■ Con cargas pesadas

- ✓ Evite a manipulación e teña en conta o esforzo, a maneira de levantalas e a frecuencia.
- ☞ Coa evolución do embarazo, pode provocar lesión fetal e parto prematuro.

■ En ambientes ruidosos

- ✓ Evite a exposición prolongada.
- ☞ Pode afectar ao feto.

■ En espazos pechados

- ✓ Evite a exposición a monóxido de carbono procedente de motores, tabaco, etcétera.
- ☞ Afecta ao feto con efectos tóxicos.

■ En traballos no exterior

- ✓ Evite a exposición á calor (deshidratación), ao frío intenso e a cambios bruscos de temperatura.
- ☞ Especialmente no embarazo e na lactación.

Coa colaboración de:

 XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS,
EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS
Dirección Xeral de Relacións Laborais



Xesús Vero, viticultor, adegueiro e vocal da Denominación de Orixe Ribeira Sacra

“Ribeira Sacra está no intre de consolidarse se continúa traballando con mesmo rigor”

Xesús Vero traballa o viño nos difíciles socalcos da Ribeira Sacra, xunto a tres socios cos que comparte unha hectárea e media de viñedos na subzona de Amandi e unha pequena ade-

ga. Tanto el coma os seus compañeiros apostaron dende o comezo pola calidade e por castes autóctonas coma Mencía, Brencellao ou Merenzao. Ademais, Suso tamén é vocal do Con-

sello Regulador e afiliado do Sindicato Labrego Galego, co que xa colaborou canda mozo dende os Comités de Axuda á Loita Labrega na oposición á cota empresarial.

■ Que distingue á Ribeira Sacra doutras denominacións de orixe (DO)?

Ribeira Sacra é unha DO cunhas dificultades peculiares. Aquí, non hai viticultores a tempo completo, senón que o meirande complementan esa actividade con outros traballos. Esa é unha característica da Ribeira Sacra de sempre que axudou a manter a produción, xa que as familias continuaron producindo para autoconsumo e vendendo os excedentes.

Outra dificultade engadida que teremos aquí vai ser a falla de relevo xeracional. Dos 3.000 viticultores inscritos na DO, o 60% están xubilados, polo que é de prever que en dez ou quince anos as súas explotacións non continúen.

Outra característica que temos na Ribeira Sacra é que somos unha das DO do Estado das que máis se paga a uva. Se non fose por eses bos prezos, abandonaríase a produción polas dificultades que ten: temos posibilidades moi escasas de mecanización e todo o traballo faise a base de pequenos motocultores.

■ Onde ve os principais obstáculos para Ribeira Sacra?

Quizais, o máis grande sexa o do rexistro vitícola. Seguen a existir moitas viñas irregulares sen recoñecer, e agardamos que aqueles viñedos históricos que non están catastrados se lles recoñezan os seus dereitos. Sobre todo por imprecisións que hai na extensión das parcelas. Agardamos que as fotos aéreas do 2003 aclaren isto. Este é un problema que se debería resolver definitivamente para saber que dereitos temos.

■ A DO está respondendo ás expectativas do sector?

Eu creo que si, que estamos no intre de consoli-



As viñas de Ribeira Sacra adoitan a estar en socalcos de difícil acceso, coma estas xunto ao Sil

darnos, facendo as cousas co mesmo criterio de rigor que se fixo ata o de agora. O mundo do viño é moi problemático polas circunstancias estatais: hai stocks de viño, e en moitas DO hai máis oferta que demanda. O mesmo acontece no resto de

Europa; por aí adiante atopas viños a un prezo moi baixo con variedades de uva que aquí custaría o dobre ou o triplo poñer no mercado.

Por iso creo que nós debemos poñer no mercado é a marca Ribeira Sacra. Como DO temos que medrar de

maneira que non creemos excedentes no noso mercado, indo cada a unha produción de calidade, reconvertendo o que queda e, se é posíbel, controlando a produción porque, contra mellor uva, mellor produto teremos.

“A Lei do Viño responde a intereses de multinacionais nalgúns aspectos”

■ Son boas as relacións entre adegas e colleiteiros nesta DO?

As relacións entre viticultores e industria non son demasiado problemáticas. Aquí houbo algúns casos de contratos entre adegas e colleiteiros, pero contratos homologados nunca se fixeron. Sería importante que os houbera para que os colleiteiros tivesen a garantía de que as adegas lles merquen a uva por uns anos e a un prezo fixo, garantindo así o subministro de uva.

Ten habido problemas puntuais pero, en xeral, o viticultor aquí adoita a ser bastante fiel coa adega que lle recolle as uvas dun ano para outro, e as adegas responden por igual. De todos xeitos, tampouco houbo unhas circunstancias que puidesen incidir nesta relación, pois non tivemos exceso de oferta de uva, e mantívose pouca demanda por parte das industrias. Tampouco existen variacións significativas de prezo entre unhas subzonas e outras.

■ Que opinan en Ribeira Sacra da actual lexislación que rexe o sector?

Dende a Ribeira Sacra, cremos que hai numerosos aspectos que se deberían precisar na Lei do Viño. Habería que suprimir mencións coma "viños de pago" ou "viños de mesa con denominación xeográfica", pois responden máis aos intereses de empresas multinacionais que non traballan na DO. A lei estatal permite contradicións coma os viños de pago fóra da DO, cando é a DO quen marca e controla a orixe.

Tamén se pode mellorar o apartado do control técnico. Non nos parece acertado que se promova o control externo do proceso de cualificación dos viños por empresas privadas. Creemos que a DO debe ser controlada polo propio CR. Debería haber un control ceibe das empresas privadas, porque iso pode levar a que a parte afectada sexa tamén xuíz, é dicir, que unha adega teña a súa propia empresa de control.

“Política Agroalimentaria non foi quen de poñer control no rexistro vitícola”

■ ¿Como valoraría a política da anterior Consellería de Agricultura no sector vitícola?

A Consellería non foi quen de poñer control no rexistro vitícola. O CR ofreceuse e traballou para que isto se fixese, pero a Xunta non foi quen de facelo, cando era algo tan simple como permitir que o propio CR puidese certificar as viñas plantadas coas variedades axeitadas e inscritas.

En canto á promoción da DO, aí deixouse facer. Creo que nós fomos o único consello que tivo un presidente proposto polo propio sector. Nese senso, non creo que houbera demasiados problemas.

A Xunta non foi quen, tampouco, de corrixir os erros do catastro nin do rexistro vitícola, que eran enormes, e publicaron unhas ordes de regularización que case a imposibilitaban. De feito, en moitas zonas de Chantada non chegaron a facela.

■ Diante do novo escenario político, ¿que lle pediría ao novo Conselleiro?

Eu creo que a Ribeira Sacra necesita, en xeral, facer unha ordenación do territorio e dos cultivos. En canto á DO, cómpre dotala de infraestruturas. Tamén hai que traballar en cuestións como subvencionar a compra de maquinaria adaptada ás circunstancias da Ribeira Sacra, cos seus viñedos en socalcos: elevadores, monorrotarias, etcétera, utilizadas na viticultura de montaña europea.



Viaxe polo viño galego

Viticultores e viticultoras de Monterrei, Ribeira Sacra, Valdeorras, Ribeiro e Rías Baixas falan para Fouce

Fouce fixo un percorrido polas cinco denominacións de orixe galega para falar coas xentes que traballan nelas día a día. A viaxe tocou terras de Ourense e Pontevedra para saber como


se vive a actual vendima en Monterrei, Ribeira Sacra, Valdeorras, Ribeiro e Rías Baixas; amais de tirar opinións de todas elas. Aínda que non teñan o valor dunha estatística, estas voces si botan

luz sobre o panorama vitivinícola galego e coinciden en moitas arelas que son as mesmas para o sector en toda Galiza: prezos, comercialización, calidade, etcétera.

Unha característica común en todas as denominacións de orixe galegas é o coñecemento de que se está a traballar en zonas xeográficas moi singulares e con potencial para facer viños de calidade quen de competir con calquera. Por desgracia, a promoción e o coñecemento dos viños galegos é máis que deficiente na propia Galiza, onde aínda se salva a actividade grazas á fidelidade do consumo interno. Isto tradúcese en serias dificultades para vender a súa produción por parte das adegas, o cal é un factor que inflúe na constante caída dos prezos da uva dunha campaña para outra.

Este tema, o dos prezos que non paran de baixar, é outro dos lastres no sector en Galiza, e sen moitas expectativas de mellora. Nisto tamén inflúe o feito de que entre adegas e viticultores e viticultoras non existe máis relación que a comercial, unha relación desigual na que as primeiras teñen as rédeas. Ata o de agora, a Administración non fixo nada para paliar isto: non se convocaron mesas do viño, nin a nivel galego nin por denominacións; nin existen contratos que formalicen as relacións comerciais (con excepcións como os acadados grazas á intermediación do SLG).

Coa chegada do novo Conselleiro de Agricultura, as esperanzas volven renacer nun sector que alza a voz con numerosas demandas: accións decididas para promover en serio os viños galegos; diálogo entre hostalería, comercio, adegas e viticultores; orientación cara a viños de calidade, apoiando as reestruturacións; mellora das axudas ás pequenas e medianas explotacións para asociarse en cooperativas e para constituir pequenas adegas, etcétera.





Xosé Luís Arias, viticultor da Denominación de Orixe Monterrei e vocal do Consello Regulador

“As axudas para crear novas adegas non chegan a nada”

Xosé Luís Arias, ademais de ser viticultor, é vocal do Consello Regulador de Monterrei. Ten unha explotación na parroquia de O Rosal, en Oímbra: unha hectárea de Treixadura e Mencía.

Arias queixase de que dende o Consello Regulador de Monterrei "deberían controlar a calidade, pois esa é unha das súas funcións, e non se está facendo", e engade

que "o Consello fixo moi pouca promoción, un labor moi necesario para que poidamos vender, e para abrir novos mercados".

En canto aos prezos, Xosé Luís vendíalle antes a Terra do Gargalo, pero este ano xa non o vai facer, pois "baixou o prezo a 28 céntimos por quilo, un valor que en uva de calidade non dá nin para cubrir os custes". A baixada foi moi brusca,

xa que "en anteriores campañas pagábase a uva a 90 céntimos por quilo, e cheguei a cobrar ata 1'20". Para buscar unha saída, Xosé Luís Arias decidiuse a elaborar viño para complementar a vendima.

Polo demais, pediríalle ao novo Conselleiro "revisar as axudas para crear adegas, que só cobren o 30% e non chega para nada, e promover os produtos de calidade.

Isidro Mateo Ribera, viticultor da Denominación de Orixe Valdeorras

“Onde vaia o Conselleiro, que leve o viño galego debaixo do brazo”

Isidro Mateo Ribera deu feito das 45 viñas que herdou, unha soa parcela de tres hectáreas onde cultiva Godello, en Seadur (Larouco). Moitos esforzos que, en Valdeorras, non se viron compensados polos prezos: "Eu cheguei a vender a uva Godello a 170 pesetas o quilo, e o ano pasado só me pagaron 80 pesetas".

Este problema, Isidro relaciónao

con que "somos moi poucos os que vivimos exclusivamente da uva", o cal deriva en que "non se loita polos prezos e vaise tirando co que pagan".

Isidro teno claro: "Habería que facer unha Mesa do Viño, sentarnos e falar vendedores, adegas e viticultores".

Respecto ao Consello Regulador, afirma que ten "queimada á xente,

pois cobran e exercen o control, pero non fan nada para sacar ao mercado a uva e o viño". E coas adegas "as relacións non existen máis que para vender as uvas".

Este viticultor de Valdeorras deixoulle unha mensaxe clara a Suárez Canal: "Onde vaia que leve o viño galego debaixo do brazo, que leve a calidade dos viños galegos polo mundo adiante".



Xosé Diéguez Pérez, viticultor da Denominación de Orixe Ribeira Sacra

“Os colleiteiros queremos ter o dereito a poder vender o noso viño”

Xosé Diéguez Pérez combina nas súas dúas hectáreas de viñado en San Fiz de Asma (Chantada) variedades autóctonas, como Mencía, Treixadura, Godello; con outras alleas como Alicante.

En poucas palabras, Xosé fai unha crítica global do sector na zona: "Cada vez hai menos compradores, e temos dificultades para vender. Só saen para adiante

as adegas; os produtores de toda a vida que elaboramos viño de colleiteiro non valem para nada, e o Consello Regulador non nos fai caso". Respecto aos prezos, "o ano pasado a uva pagouse a un euro o quilo. Hai vinte anos, un litro de viño pagábase a 250 pesetas; hoxe non chega nin a un euro".

Xosé Diéguez lamentase de que eles, os colleiteiros de sempre "fo-

mos quen mantivemos o sector", e agora "as adegas que apareceron dominan a Denominación de Orixe e son as únicas ás que lles fai caso o Consello". Sobre este último foi taxativo: "Antes defendíamolos moito mellor".

Finalmente, reclamou "o dereito a poder vender o noso produto en hostalería, que hoxe só poden facelo aqueles viños con etiqueta".

Xulia Salgueiro, viticultora da Denominación de Orixe Ribeiro

“A moitos chegoulles a carta dicindo que non lles van mercar a uva”

Xulia Salgueiro regresou hai tres anos á súa aldea natal de Barral, en Castrelo de Miño, onde se fixo cargo dos viñedos familiares: en total, 1'5 hectáreas repartidas en pequenas parcelas con Xerez, Treixadura e Torrontés.

Na súa curta experiencia como viticultora, aínda non tivo problemas relevantes. "Eu véndolle a quen lle vendemos sempre", iso si,

coa peculiaridade de "non saber canto me van pagar pola uva. Aquí é normal. Dannos os cartos ao cabo dun ano ou ano e medio despois da venda". De todos xeitos, recoñece que no Ribeiro "hai moitos casos aos que lles chegou a carta da adega avisando de que non lles van mercar a uva".

Xulia queixase dos "problemas de infraestruturas: malos accesos

que impiden chegar cos tractores a fincas, ou marcos de plantación tan estreitos que non permiten introducir maquinaria".

Tamén pensa que se debería "orientar a viticultura cara á calidade, o cal non servirá de nada se nos seguen pagando a uva ao mesmo prezo, pois así non compensa investir os cartos e o traballo necesarios para mellorar a calidade".



Xoán Xosé Pérez Martínez, viticultor da Denominación de Orixe Rías Baixas

“Están vindo camións cargados de uva Albariño dende Portugal”

En Quintela (Crecente) ten Xoán Xosé Pérez unha hectárea de Albariño, unha uva que chegou a pagarse a 2'40 euros o quilo hai seis anos, e que o ano pasado xa andaba pola metade, a 1'20 euros. A caída de prezos, di Xoán Xosé, afectou ás outras castes: Treixadura, Godello, Torrontés, etcétera.

Para Xoán Xosé, as relacións coas adegas son "moi malas. Non nos

chaman para negociar prezos". Para solucionar isto, "habería que nomear vocais que nos representasen aos colleiteiros para forzar ao Consello Regulador a crear unha Mesa do Viño que negocie un prezo xusto e unánime para".

Outro problema é a falla de control do Consello Regulador: "Están vindo camións de Portugal cargados con uva Albariño que venden

a 60 céntimos, tirando os prezos".

Xoán Xosé fai un chamamento á Consellaría para "que controle máis as explotacións que se creen. A Rías Baixas, viñeron grandes empresarios a crear grandes plantacións de vinte ou trinta hectáreas en montes, facendo un gran dano ecolóxico, e arruinando aos pequenos produtores locais que levan toda a vida na actividade".



Xosé Manuel Gozález Vilas, responsábel sindical dos sectores agrarios no SLG

Xosé Manuel González Vilas comezou a traballar para o Sindicato Labrego Galego hai cinco anos na comarca ourensá do Ribeiro. Hoxe, tras o sexto Congreso da organización, Vilas exerce como responsábel de acción sindical nos sectores agrarios. Entre estes inclúese o vitivinícola, un mundo que Xosé Manuel coñece e traballa a fondo, tanto dende o punto de vista técnico e de asesoramento como reivindicativo, por desenvolver o seu labor nunha bisbarra na que "o 90% da agricultura ten que ver co viño".

“A tarefa case heróica da xente que apostou polo viño deulle dinamismo ao sector”

■ **En que situación fica o sector vitivinícola despois de dezaseis anos de política agraria do PP?**

Dende o punto de vista dos viticultores labregos, sufrimos unha auténtica regresión. Se o sector amosou un importante dinamismo foi, sobre todo, grazas a protagonistas individuais e á tarefa case heroica de xente que apostou polo viño en condicións moi complicadas. A Administración foi sempre un lastre, pois favoreceu a regresión que estaban sufrindo comarcas dende hai tempo, coma o caso de Valdeorras ou o Ribeiro; fomentou unha viticultura especulativa en Rías Baixas; e abandonou totalmente comarcas coma Monterrei ou Ribeira Sacra. Unha pincelada que ilustra esta situación é que moitas adegas labregas e colleiteiras están a piques de desaparecer porque non hai ninguén que tome o relevo para seguir coa súa actividade.

Outra das consecuencias da política vitivinícola do PP foi unha importante perda de dereitos históricos e miles de hectáreas en ladeiras e zonas boas para o viñedo.

■ **Que medidas pensa que deberían ser as primeiras da nova Consellaría do Mundo Rural no sector?**

Habería que normalizar a constitución de mesas de diálogo no sector; e comezar a traballar comarca por comarca, adega por adega, e cooperativa por cooperativa, para tentar ver a mellor maneira de defender o noso mercado en Galiza, marcándonos como prioridade o consumo e comercialización dos nosos viños, e a incorporación de novas adegas, sobre todo de carácter labrego, sexan de colleiteiros ou cooperativas.

■ **E en cuestión de prezos?**

Precisamente, unha primeira cuestión a abordar tamén debería ser a de incidir no diálogo co sector industrial e coas cooperativas en cuestión de prezos; do mesmo xeito que outro tema fundamental sería conseguir que a cidadanía galega consuma preferentemente viños galegos. Pero, sobre todo, creo que o máximo reto do novo Goberno vai ser o da terra. Cómpre favorecer a implantación de novas adegas e a incorporación da mocidade, para o



SANTI AMIL

Xosé Manuel González Vilas ten unha fonda experiencia, técnica e sindical, no eido da vitivinicultura

cal faise necesaria unha nova ordenación da terra e das propiedades con ferramentas que as mobilicen como a concentración parcelaria, a

constitución dun banco de terras, as permutas, plans de ordenación territorial e sectorial, ou a mobilización dos dereitos históricos.

“Sería unha loucura perder o mercado interno galego por querer exportar”

■ **Que opina das denominacións de orixe galegas? Están todas as rexións vinícolas amparadas?**

As que existen actualmente cobren o meirande das comarcas vinícolas históricas. Non embargante, aínda hai zonas de tradición vitivinícola que ficaron fóra, coma o Barbanza, e algunhas zonas de Ourense e Lugo.

■ **Que ten que dicir do funcionamento das denominacións actuais?**

As denominacións de orixe (DO) constituíronse para amparar a comercialización dos nosos viños, mantendo a tipicidade que nos dan as nosas terras e as nosas castes. Co tempo, temos que dicir claramente que as DO ampararon máis os intereses particulares, favorecendo moito aos industriais, e sen dar demasiada cancha aos labre-

gos. Tamén se lles pode recriminar a utilización de métodos autocráticos; presidencialismo; dirixismo das consellarías; e falla de madurez no traballo, na constitución e xestión dos consellos reguladores. Mesmo o control da fraude aínda está lonxe de acadar resultados satisfactorios.

■ **Hai grandes adegas en Galiza que apostan forte pola exportación. Cre que iso é bo para o viño galego?**

Eu penso que a prioridade debe ser o consumo interno. Gozamos aínda de certa fidelidade dentro da Galiza, o que propicia un forte consumo interno dos nosos viños con respecto a outras zonas da Península. Iso tradúcese en que os prezos, a nivel medio, son mellores que noutras zonas. Sabendo isto, sería unha auténtica loucura que

perderamos o noso mercado galego. Basicamente, a política agroalimentaria debería orientarse a blindar o consumo galego e, incluso, a recuperar algúns viños, coma os tintos na costa, onde hai unha auténtica invasión de denominacións alleas coma os Rioja.

■ **Hai tempo que non se fala da augardente artesanal. Como lle vai?**

A augardente artesanal segue a estar nunha situación de clandestinidade; non hai ningún recoñecemento por parte da Administración nin das autoridades fiscais para dar constancia da súa existencia. A augardente debería ser un elemento complementario na viabilidade das explotacións labregas; o 30% dos ingresos das adegas labregas e cooperativas podería vir da augardente.

“A mundialización do mercado do viño suporá unha catástrofe para a viticultura labrega”

■ **O SLG está a realizar unha campaña contra a OMC. Pensa que as decisións deste organismo poden influír no viño galego?**

O viño é un elemento identificador do noso país e da nosa cultura, da nosa tradición labrega, que está a sufrir as presións da mundialización e da deslocalización.

Hai grandes sectores aos que lles interesa que se implante a idea do mercado mundial do viño, que é totalmente nefasta para os nosos intereses. Esta idea resúmese en que aqueles grupos económicos que poidan dispor das mellores terras, das mellores ladeiras, da man de obra máis barata, dos mellores enólogos, e do dominio da distribución, poderán elaborar e vender viños de calquera tipo, en calquera parte do mundo, e sen ter en conta ningún interese local.

En cuestión de viño, calquera tratado que implique máis liberalización sempre vai ser peor para nós, pois que o sector vitivinícola galego depende en grande parte do consumo local. Se a mundialización no consumo de viño chegase a Galiza, significaría unha auténtica catástrofe para a viabilidade do 70 ou do 80% das explotacións labregas; é dicir, teríamos serios problemas se aos galegos lles dese o mesmo beber un Ribeiro ou un Monterrei, ca un Chardonnay de Australia ou un Albariño de Sudáfrica ou California.

En Galiza, debemos convencernos de que o viño é un alimento, un elemento cultural, e se o perdemos desaparecerá con el unha parte importante da identidade do noso país.



É túa. Traballa para ti.

INVESTIMOS NOS PROXECTOS MÁIS AMBICIOSOS PARA QUE DISPOÑAS DAS MELLORES INFRAESTRUTURAS, PARA QUE TEÑAS MÁIS PRETO A CULTURA, O DEPORTE, AS NOVAS TECNOLOXÍAS. NA DEPUTACIÓN DA CORUÑA TRABALLAMOS PARA CONSTRUIR UNHA PROVINCIA MELLOR. TRABALLAMOS PARA TI.

Vía Campesina fixa as súas demandas en dereitos humanos e igualdade de xénero

Lidia Senra representou ás labregas europeas nun encontro internacional celebrado en República Dominicana

A Secretaria Xeral do SLG, Lidia Senra, viaxou á República Dominicana, onde ficou do 1 ao 6 de agosto para asistir a un seminario internacional sobre dereitos humanos á reunión da

comisión de xénero da Vía Campesina, da que a máxima responsábel do sindicato forma parte en representación de Europa. Ambos eventos celebráronse baixo o nome de Encontro Interna-

cional de Dereitos Humanos e Igualdade de Xénero da Vía Campesina, e contaron coa organización da Coordinadora Nacional de Mulleres Campesinas do país anfitrión (Conamuca).

Xunto a Lidia Senra, acudiron delegacións de quince países de catro continentes para abordar temas como os dereitos humanos, a violencia contra as mulleres, ou a soberanía alimentaria, vistos dende a perspectiva de cada pobo participante. O

evento tivo lugar na localidade de Juan Dolio, a 45 minutos da capital dominicana, Santo Domingo.

Esta xuntanza serviu para reclamar con firmeza a universalidade dos dereitos humanos "que son individuais, colectivos e dos pobos, pero

non do capital como institúen as actuais regras do libre comercio, que consideran ao campo como unha industria e un simple negocio, propiciando a espoliación de bens comúns dos pobos como a terra, a auga, o aire, os bosques, ou os re-

curso naturais e xenéticos".

Deste encontro internacional naceu un documento coñecido como "Declaración de Quisqueya", no que se recollen as aspiracións e demandas dos centos de millóns de labregos e labregas de todo o mundo que per-

tencen ás organizacións agrarias que integran a Vía Campesina.

Dada a importancia e significado desta declaración, Fouce reproduce a continuación o seu contido íntegro para os seus lectores e lectoras.

Declaración de Quisqueya

Nós, labregas e labregos, chegados das distintas rexións do mundo, reunidas en Juan Dolio (República Dominicana) do 1 ao 6 de agosto de 2005, no Encontro Internacional de Dereitos Humanos e Igualdade da Vía Campesina, unidas nun común compromiso de loita contra o capitalismo e o patriarcado, e reunidas nun espírito solidario, respectuoso da diversidade e da igualdade entre as persoas.

Reafirmamos a nosa vontade de manternos no campo como o noso espacio de vida e florecemento de culturas diversas, de relacións humanas e interaccións sociais múltiples, e dende alí reivindicamos o noso rol histórico no descubrimento da agricultura; a preservación da biodiversidade; o coidado da terra; o desenvolvemento, a custódia e o coidado das sementes; a creación de saberes e coñecementos, que constitúen serias achegas para os avances da humanidade.

Esiximos o respecto de todos os nosos dereitos de xeito indivisíbel: en particular os políticos, de xénero, de libre expresión, de pensamento, opinión, autonomía e autodeterminación. Afirmamos os nosos dereitos sexuais e dereitos reprodutivos e a ter unha vida libre de calquera xeito de violencia.

Reclamamos con forza a vixencia da universalidade dos dereitos humanos, que son individuais, colectivos e dos pobos e non do capital como o institúen as actuais regras do libre comercio, que consideran ao campo como unha industria e un simple negocio e propician a espoliación dos bens comúns dos pobos como a terra, a auga, o aire, os bosques, os recursos naturais e xenéticos, as sementes, e os coñecementos; e abocan ás labregas e aos labregos á miseria, á explotación, á migración forzada, ao desaloxo e á expropiación.

Impugnamos ao neoliberalismo extorsionador e ás imposicións da Organización Mundial do Comercio, do Banco Mundial, do Fondo Monetario Internacional e demais institucións do sistema, cuxas políticas mercantilistas non só poñen en risco a vida no campo, senón tamén a do propio planeta e da humanidade.

Opoñémonos ás pretensións do neoliberalismo de converter o campo nunha grande empresa mundial, que só beneficia ás grandes corporacións transnacionais, ao capital financeiro e outras elites. Esiximos a realización de urxentes reformas agrarias integrais e con enfoque de xénero.

Rexeitamos de maneira frontal as políticas da OMC, a débeda externa e os acordos rexionais de libre comercio, que dan prioridade aos intereses do capital e á busca de rendibilidade e subsumen os dereitos humanos, especialmente aqueles das mulleres, ás prioridades do mercado. Os postulados do libre comercio poñen en risco a nosa autonomía, saberes, coñecementos e o noso dereito a continuar creando xeitos de vida harmoniosos, baseados nas cosmovisións diversas e integrais dos nosos pobos e comunidades.

Opoñémonos á imposición da agricultura chamada científica, que pretende universalizar a agricultura industrial e as sementes transxénicas, poñendo en perigo o equilibrio dos ecosistemas e erosionando os coñecementos das labregas e dos labregos.

Afirmamos o dereito á soberanía alimentaria como un principio que, á súa vez, é determinante para a soberanía dos pobos, a vida no planeta e a súa sostibilidade.

Esiximos o cumprimento de todos os dereitos interrelacionados, entre eles: o de desenvolver modelos de agricultura sostíbel e

de participar no deseño de políticas e medidas pra fomentalos; o de conservar a biodiversidade entendida dende unha concepción integral que engloba tanto a interrelación harmónica entre a natureza e o vivinte como a mesma diversidade humana; o de xerar prácticas de comercio agrícola baseadas en relacións de igualdade e de intercambio xusto; o de vivir da agricultura e acceder á terra, á auga, e ás sementes sans; o de decidir sobre o futuro dos recursos xenéticos e definir o marco xurídico de propiedade dos mesmos; o de acceder á tecnoloxía axeitada e participar no deseño e xestión dos programas de investigación e desenvolvemento de coñecementos; o de tomar decisión sobre o control e manexo dos beneficios derivados do uso, conservación e xestión dos recursos e coñecementos asociados; o de participar no deseño elaboración e xestión de políticas relacionadas co futuro do campo e da humanidade en xeral.

Rexeitamos todas as formas de violencia sexista contra as mulleres rurais, como tamén a militarización do campo, a ocupación, a invasión, os desprazamentos forzados e demais estratexias de control imperialista, entre cuxos mecanismos figura a criminalización das protesta social e ata da propia existencia das organizacións labregas e indíxenas. Incitamos aos gobernos a ratificar e poñer en aplicación todos os instrumentos nacionais para a erradicación da violencia contra as mulleres.

Opoñémonos á invasión das transnacionais en todos os aspectos da economía e a deslocalización da agricultura coas súas secuelas de violencia económica, social, cultural e de xénero. Denunciamos a impunidad ante os abusos cometidos polas corporacións transnacionais, o capital financeiro e as elites internacionais, que impoñen os intereses do capital por riba dos dereitos humanos.

¡¡Globalicemos a loita, globalicemos a esperanza!!

en Juan Dolio (República Dominicana), 4 de agosto de 2005

O Ministerio de Agricultura quiere permitir a contaminación con OXMs

Elena Espinosa incumple os seus compromisos e tenta aprobar unha Lei de Coexistencia de costas ao sector. *As reunións que o Ministerio de Agricultura mantivo con diversas organizacións para elaborar a Lei de Coexistencia cos transxénicos poden quedar en papel mollado. Desoíndo as achegas que unha trintena de organizacións agrarias, ecoloxistas e sociais aportaron ao borrador deste documento, o Goberno de Zapatero prégase aos intereses das multinacionais da manipulación xenética. Cae así o felo do talante para amosar un Goberno que, en temas como a seguridade alimentaria, demostra a mesma irresponsabilidade que o Partido Popular.*

Os ministerios de Agricultura e Medio Ambiente non recolleron nin unha soa das propostas que, organizacións coma Greenpeace ou a Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG), xunto ao SLG, fixeron para mellorar o borrador da Lei de Coexistencia.

Deste xeito, o proxecto de Real Decreto que o Ministerio presentou non aporta cambios significativos e legaliza, *de facto*, a contaminación transxénica. En total, foron unha trintena de colectivos de todo o Estado, nos que se inclúe o SLG, quen denunciaron que Elena Espinosa rachou o seu compromiso, adquirido o pasado 29 de marzo, de contar coa participación das organizacións sociais e agrarias para reformar un borrador que provocou un rexeita-



O Ministerio de Agricultura semella non ter intención de escoitar ás protestas das organizacións agrarias e ecoloxistas

mento unánime e masivo.

Dende ese 29 de marzo, ningunha das organizacións que se sentaron a negociar a lei recibiron novas do Ministerio de Agricultura; nin sequera foi informada a

Comisión Estatal de Biovixilancia. Así, o Ministerio volve poñer en perigo un modelo de agricultura social e sostíbel, para favorecer unha agricultura industrial sometida ás multinacionais.

Todo o que permitiría facer a Lei de Coexistencia

■ Omite a responsabilidade ante os danos provocados por transxénicos na agricultura convencional e ecolóxica. O texto exime ás empresas que comercializan as sementes e o material vexetativo de variedades manipuladas de toda responsabilidade ante contaminacións.

■ As medidas de coexistencia aprobadas baséanse no cumprimento dos límites de contaminación permitidos, e non en termos que impidan esa contaminación. Polo tanto, permítese contaminar.

■ Estas medidas tan febles condenan a labregos e labregas a non poder elixir o modelo de produción que desexen e, polo tanto, condénase tamén á cidadanía a que non poida elixir con total liberdade os alimentos que desexa consumir.

■ A Lei de Coexistencia non permite declarar zonas libres de transxénicos.

■ Non se establece ningunha medida para garantir a tolerancia cero na contaminación de sementes.

■ Establece unha distancia de seguridade de 50 metros para o millo, cando se ten demostrado que o pole de millo pode desprazarse quilómetros. Esta distancia, polo tanto, non evita a contaminación. No Estado español xa se teñen dado casos de polinización cruzada en leiras ecolóxicas, perdendo estas a certificación.

■ As medidas específicas para o cultivo do millo son pouco realistas dende un punto de vista técnico.

A familia real inglesa levou axudas da PAC por 300 millóns de pesetas

A raíña Isabel II de Inglaterra e o seu fillo, o príncipe de Gales, figuran entre os máximos beneficiarios da Política Agraria Común da Unión Europea (PAC). Segundo os datos publicados polo xornal The Independent, o príncipe Carlos levou o ano pasado 993.000 euros (máis de 165 millóns de pesetas) polas súas fincas do ducado de Cornwall e Highgrove. A nai do príncipe levou un pouco menos: 796.000 euros (máis de 132 millóns de pesetas) grazas ás súas granxas de Sandringham e do castelo de Windsor.

Non embargante, a familia real non é quen máis leva da PAC nas illas británicas. Sen saír de Inglaterra, sir Richard Sutton meteu no



peto en concepto de primas agrarias 1'7 millóns de euros (case 283 millóns de pesetas) só pola súa finca do condado de Berkshire.

Outro que levou un bo belisco da PAC foi o duque de Wesminster, o terceiro home máis rico do Reino Unido, cunha fortuna calculada en máis de 8.170 millóns de euros (a tradución

en pesetas supera o billón); o duque embolsou 654.000 euros en axudas.

Estes son exemplos que ilustran a natureza da Política Agraria Común (PAC) e que revelan claramente a quen benefician. O 70% dos cartos da PAC quedan no 20% das maiores granxas europeas, mentres que un 40% de explotacións de tipo labrego teñen que repartirse o 8% dese diñeiro.

En pasados números de Fouce, revelabamos unha información semellante que tiña como protagonistas a "labregos e labregas" do Estado español coma os duques de Alba ou a familia Osborne, que se atopan tamén entre os máximos beneficiarios da PAC.

Máis escándalos alimentarios producidos pola gandería e a alimentación industrial

O verán trouxo canda si unha nova vaga de escándalos alimentarios provocados polo modelo industrial de gandería e alimentación que se está a fomentar en todo o mundo. O máis de máis sona foi a intoxicación de máis de 2.000 persoas no Estado español por consumir polo contaminado con salmonela. Entre a xente afectada polo andazo, houbo unha vítima mortal -un home con noventa anos de Valencia- e varias persoas intoxicadas en Galicia.

Ademais, o pasado 10 de xullo finaba en Madrid a primeira vítima da crise das vacas tolas, unha moza de 26 anos afectada pola enfermidade de Creutzfeldt Jakob, que é a variante humana da Encefalopatía Esponxiforme

Bovina (EEB). Esta muller presentou os primeiros síntomas en novembro de 2004, polo que debeu contaxiarse entre 1994 e 1999, xa que o período de incubación da enfermidade dura entre cinco e dez anos. O director do Laboratorio Estatal de Referencia da EEB, Juan José Badiola, xa advertira que é agora cando van aparecer casos humanos desta enfermidade no Estado español.

Finalmente, a gripe aviar segue avanzando en Asia ao confirmarse a morte de tres persoas en Indonesia por esta enfermidade, país que ata o de agora non estaba afectado. Tamén se fixeron públicas sospeitas de que Rusia podería estar afectada por unha gripe aviar altamente patóxena.

Agricultura permite comercializar falsos produtos "bio" un ano máis

COAG presentou alegacións para evitar que se siga cometendo esta fraude contra o sector ecolóxico

O Ministerio de Agricultura vén de facer público o proxecto de Real Decreto que dará cumprimento á normativa europea segundo a cal o uso do termo "bio" só pode ser utilizado nos produtos provenientes da agricultura

ecolóxica. A pesares de que en Europa isto hai tempo que é norma, no Estado español aínda haberá que agardar, pois se lles permitirá ás empresas dos falsos "bio" seguir coa súa fraude durante un ano máis.

O problema comezou en 1991, cando saíu o regulamento europeo de produción ecolóxica. Na súa versión en castelán, este regulamento só contemplou os termos "eco" ou "ecolóxico" para denominar os produtos da agricultura ecolóxica. Por esta razón, no Estado español algúns produtos non ecolóxicos puideron adoptar o termo "bio", "biolóxico", etcétera.

Esta situación deu lugar a un proceso de denuncia de varios anos ante as institucións europeas. Finalmente, para poñer fin a esta irregularidade, o Consello Europeo publicou un regulamento que entrou en vigor o 10 de marzo do 2004, no que estableceu que "ecolóxico", "orgánico" e "biolóxico", así como os seus derivados e abreviaturas habituais, só se poderán utilizar para denominar aos produtos obtidos co método de produción ecolóxico. Agora, un ano e tres meses máis tarde, sae o proxecto de decreto do Ministerio de Agricultura no que se lles dá ás empresas fraudulen-



Produtos como o da imaxe poderán seguir cometendo fraude un ano máis grazas á permisividade do Ministerio

tas un período de transición, ata xullo de 2006, para adaptarse á nova situación, polo que poderán empregar o termo "bio" un ano máis.

En total, tiveron que pasar trece anos para que se recoñecese que termos como "bio" inducían a consumidores e consumidoras a confundir produtos convencionais que levaban este indicativo cos produtos ecolóxicos. E dende que sacaron o regulamento, aínda tivo que pasar un ano e catro meses que fose adoptado

pola normativa estatal; por riba, agora o Ministerio aínda lles da outro ano ás empresas para que se adapten á situación.

Nunha alegación presentada, a Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG) argumentaba que este período dun ano xa transcorreu dende que foi aprobado o regulamento europeo, polo que as empresas xa tiveron tempo abondo para adaptarse á nova situación a sabendas que isto tiña que ser trasposto á

normativa estatal. Por esa razón, COAG pediu que se suprimise ese ano de adaptación, excepto para as empresas que tiñan rexistrada a marca antes do 1991 (ano en que se publicou o regulamento europeo de produción ecolóxica), xa que as para estas empresas concedéuselles no 1999, mediante outro regulamento europeo, este período de adaptación. Para estes casos excepcionais, a COAG pediu que se lles obrigase a indicar que estes produtos non se producen conforme o método de produción ecolóxica no mesmo campo e ángulo visual onde estea situada a marca, e co seu mesmo tamaño de letra.

O sector da agricultura ecolóxica demandou do Goberno do Estado unha campaña promocional para botar luz sobre o caos que provocaron os falsos bio. A raíz disto, a Unión Europea concedeulle ao Ministerio de Agricultura unha subvención dun millón de euros a tres anos para realizar a devandita campaña.

O presidente do Craega despreza os avisos do Valedor do Pobo

Nos plenos do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galiza (Craega) continúa a actitude hostil cara á vocal do SLG, Ágatha Bröskamp, á que se lle imposibilita o acceso á documentación; nin sequera pode ver as actas, que non reflicten as súas comparecencias nin o seu voto.

O Valedor do Pobo -trala xuntanza entre o SLG e a Vicevaledora, Olga García Agra, a mediados de maio- instou de novo ao presidente do Craega, Gabino Vázquez, para que cumpra cos deberes legais aos que lle instou xa con anterioridade, e que aínda non cumpriu (facilitar copia das actas á vocal e documentación das xuntanzas, etcétera). Na mesma carta, o Valedor lembroulle a Gabino Vázquez que, dende hai oito meses, ten pendente manifestarse por escrito sobre a aceptación ou desacordo co recordatorio de deberes legais que se lle fixo.

O Valedor xa instara ao presidente do Craega a cumprir cos seus deberes legais hai un ano. Non embargante, Gabino Vázquez non deu ningunha contestación, o cal incluíuse no Informe do Valedor 2004, que se pode consultar en www.valedordopobo.com, na páxina 765.

As explotacións en conversión terán certificado grazas ao SLG

Ata agora, cada vez que alguén chamaba para solicitar etiquetas ou volantes de reconversión á agricultura ecolóxica, dende o Craega respondían que non había. Non embargante, semella que a situación mudou despois de que a vocal do SLG, Ágatha Bröskamp, no pleno do 28 de xuño, entregase unha queixa e varias peticións ao respecto.

Tras isto, e despois de solicitar por escrito os volantes, dende o Craega facilitouse un impreso para solicitálos, polo que xa se pode vender o produto como "en reconversión á agricultura ecolóxica".

Modifícanse as porcentaxes de penso convencional para gandería ecolóxica

O 25 de agosto de 2005, entra en vigor a ampliación dos prazos que admiten unha porcentaxe de penso convencional nos ecolóxicos (sempre que se demostre a imposibilidade de atopalos de orixe ecolóxica):

■ Para herbívoros: 5% de convencional ata finais de 2007.

■ Para o resto das especies, baixada paulatina: o 15% ata 2007, o 10% ata finais de 2009, e 5% dende o 2009 ata finais de 2011.

Estas cifras deberán calcularse anualmente como porcentaxe en relación coa materia seca dos alimentos de orixe agrícola. A porcentaxe máxima autorizada de convencional na ración diaria, agás o período de cada ano en que os animais practiquen a transhumancia, será do 25%, calculado en relación á porcentaxe de materia seca. As vitaminas sintéticas permítense, aínda que a negociación se pechará en setembro.

A Lei de Coexistencia permite contaminar con OXMs os cultivos ecolóxicos

Na páxina 8 deste Fouce poderás atopar información sobre o proxecto do Real Decreto de Coexistencia entre Transxénicos e cultivos convencionais e ecolóxicos. Nel, régúlase de igual maneira para os produtos ecolóxicos que para os convencionais, a pesares de que na agricultura ecolóxica non se permiten os organismos manipulados, polo que repercute de xeito distinto: se a un

labrego ou labrega do sector ecolóxico lle contaminan os cultivos, non poderá vender a produción como ecolóxica, cas consecuencias económicas seguintes.

O SLG apoiou unha carta ás ministras de Agricultura e Medio Ambiente solicitando unha xuntanza para pedir que se cumpran os compromisos de marzo de dialogar coas organizacións agrarias sobre este tema.

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese

Rolos de herba seca e palla.
Chamar ao 981 681 103

Véndese

23 vacas de carne, inscritas en Acruga.
Chamar ao 982 162 753

Véndese

Lote de 15 xovencas, boa xenética, con carta. Por peche de explotación.
Chamar ao 608 879 938

Véndese

-Pa TENIAS acoplada a tractor MASSEY FERGUSON
-Motobomba de rego e tubos.
Preguntar por Xosé Manuel no teléfono 981 896 668

Véndese

-Tractor JOHN DEERE 2.850 con pa (seminovo).
-Tractor JOHN DEERE 2.650 con dobre tracción, 1 remolque, rastrillos de varios modelos, 1 sulfatadora e 1 segadora.
Chamar ao 982 153 182 ou ao 676 704 434

Véndese

Xatas e vacas de leite con carta de control leiteiro.
Chamar aos teléfonos 696 309 038 e 982 176 086

Véndese

Cachorros de Pastor Alemán. De exposición, garda e compañía. Con pedigree. Tatuados Real CEP-PA.
Chamar ao 982 528 196 ou ao 680 745 446

Véndese

Empacadora JOHN DEERE.
Chamar ao 659 659 418

Véndese

Sala de muxido MANOVAC de 3 puntos con medidores volumétricos.
Chamar pola noite aos tfnos. 982 152 347 e 650 226 545

Véndese

Ford Scort 1.6 Diesel, en bo uso
Chamar ao 982 441 370

Véndese

Enxamios de abellas
Preguntar por Luís no teléfono 982 363 634

Véndese

Coche Renault 21 GTD, con aire acondicionado. En bo estado.
Chamar ao 639 845 328

Véndese

Estendedor de herba VICON, para estender e facer ringleiras. Prezo: 75.000 pesetas. En Paradelá (Lugo).
Preguntar por Ovidio no teléfono 686 596 260

Véndese

-Tanque de leite ALFA LAVAL de 430 litros.
-Tractor LANDINI de 72 CV, bo uso, 3.000 horas.
-Remolque.
Chamar ao teléfono 981 199 958

Véndese

Xovencas frisonas con carta. A Pastoriza (Lugo).
Chamar ao 667 877 125

Véndese

Por peche de explotación leiteira:
-Cisterna CARRUXO de 10.000 litros, con eixe birideccional, acelerador con carga, ballestas. Pendente de matricular.
-Sala de muxido ALFA LAVAL de 6 puntos, con medidores volumétricos e programador de lavado.
Chamar ao 608 879 938

Véndese

-Circuíto de muxido ALFA LAVAL de 5 puntos.
-Segadora de carro BCS.
En bo estado e a bo prezo.
Chamar ao 982 140 956

Véndese

6 ovellas do país.
Chamar ao 981 690 499

Véndese

3 eguas, unha parida e dúas preñadas; e un cabalo inteiro. en Portomarín (Lugo).
Chamar ao 982 187 272

Véndese

Rolos de herba seca.
Preguntar por Xabier no 982 144 140 ou no 699 396 665

Véndese

Circuíto de muxido MIELE, con compresor WESTFALIA, de 4 puntos, pulsadores electrónicos programábeis, medidor de leite, tuberías de aceiro inoxidable, e tanque de frío STORK de 500 litros. Prezo a negociar.
Chamar aos teléfonos 981 191 772 ou 630 693 911

Véndese

Herba seca.
Chamar aos teléfonos 982 528 123, ou 676 128 939

Véndese

10 vacas e un touro de raza caldelá. Zona de Lugo.
Preguntar por Nacho no teléfono 659 972 363

Véndese

Tanque de frío ALFA LAVAL de 339 litros.
Chamar ao 981 199 226

Véndese

Autocargador BEVILACQUA e rotativo BONINO 45.
Chamar ao 982 349 163.

Véndese

Vacas frisonas por xubilación.
Chamar ao 981 790 331

Véndese

Rotoempacadora CLAAS modelo Rollant 46. Seminova.
Chamar ao 981 797 225

Véndese

Sala de muxido MANOVAL de 8 puntos, con retirada automática e medidores electrónicos.
Preguntar por Antonio no teléfono 982 314 424

COMPRAS

Mércase

Equipo de limpeza para limpar as cortes.
Chamar ao 628 616 664

OUTROS

Necesítase

Traballador / a para explotación de horta, en Cedeira.
Chamar ao 649 979 247

Alúgase

Nave.
Chamar ao 982 813 246

Precísase

Persoa para traballar en explotación de leite de Guitiriz. Valorarse experiencia. Debe ter carné de conducir.
Chamar ao 982 153 367

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

¡Afílitate ao SLG!



Rúa de Touro nº 21º, 2º
Santiago de Compostela

Sector:

☐ Leite ☐ Carne ☐ Queixo ☐ Horta ☐ Flor ☐ Forestal ☐ Ovino ☐ Coellos ☐ Viño

Nome e apelidos:..... NIF:

Enderezo:.....

Tif:..... Concello:..... C.P.:.....

Domiciliación de pagos de cotas

Sr. Director do banco ou caixa: Prégolle que tome nota, ata novo aviso, de adeudar na miña conta con esa entidade os recibos que ao meu nome serán presentados para o cobro polo Sindicato Labrego Galego.

Banco / Caixa de Aforros:..... Conta / Libreta:.....

Titular da conta ou libreta:.....

Nº de sucursal:..... Poboación:..... Provincia:.....

Atentamente (sinatura)

Data



Charo Sánchez Parga, representante do sector ecolóxico na Dirección Nacional do SLG

O primeiro contacto de Charo co Sindicato Labrego Galego foi hai cinco anos, no transcurso dunhas xornadas sectoriais de agricultura ecolóxica. A pesares de ser d'A Coruña, dende pequena tiño moi claro que o seu era a aldea. Fiel a esta angueira, hoxe traballa para o SLG na comarca de Verín (Ourense), representa á Dirección Transversal de Agroecoloxía (DTA) na Dirección Nacional do sindicato, e rexe unha explotación xunto á súa familia de 1'5 hectáreas de horta ecolóxica certificada en Laza.

“A nova Lei de Coexistencia do Estado deixa desamparada á agricultura ecolóxica”

■ ¿Cales foron as últimas iniciativas da DTA?

Nestes intres, estamos intensificando as relacións estatais a través da Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG), e estou asistindo a todas as xuntanzas sectoriais do ecolóxico que fan a nivel estatal. Tamén estamos a traballar moito en temas como o da coexistencia cos transxénicos (OXM).

O SLG foi un dos primeiros sindicatos do Estado en aportar documentos ao sector, cunha táboa reivindicativa na que reunimos todas as demandas da agricultura ecolóxica galega para tentar que se recollan no plan do Ministerio de Agricultura. Este traballo ímolo aproveitar tamén para traballar a nivel galego.

■ Mencionou antes a nova normativa de coexistencia cos transxénicos. ¿Que opina dela?

Esta nova lexislación é máis do mesmo. O SLG presentou alegacións varias veces a ese proxecto, pero o Ministerio non recolleu nada do que se lle propuxo. Basicamente, a lei de coexis-

tencia queda igual que no borrador, mesmo limitaron máis a posibilidade na que nós queríamos comezar a traballar agora, que era a de establecer zonas libres de OXM. Aínda se pode facer, pero con esta lei será moito máis traballoso e haberá que realizar accións de tipo local ou por zonas, pero non a nivel de país, en Galiza.

Temos solicitado unha nova xuntanza co Ministerio, e realizaranse mobilizacións en todo Estado a partir de setembro. Con esta lei, a agricultura ecolóxica fica desamparada, e o Ministerio entra en fortes contradicións, pois tenta vender que dá prioridade á agroecoloxía dentro do desenvolvemento rural, cando esta non é posíbel a carón dos transxénicos.

■ A DTA ten denunciado moitos problemas silenciados, como a contaminación por fumigar cunetas ou por choiva aceda. ¿Téñense descuberto máis problemáticas que afecten ao sector?

A agricultura ecolóxica galega ten máis problemas, e teremos que iles denunciando pouco a pouco. Por exemplo, agora estamos



Charo ten a súa explotación de horta ecolóxica en Laza

comezando a traballar co tema das fumigacións aéreas que se practican en explotacións silvícolas. Hai comunidades autónomas que

xa están negociando co seu sector ecolóxico en base a isto. Trátase dun problema que nos afecta a todos, e non só ao sector da agroecoloxía.

“Quen presida o Craega non pode ter intereses económicos no sector”

■ Xa pasaron case tres anos dende que se elixiu a directiva do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galiza (Craega). ¿Esta a ser eficaz este organismo?

Non, o Craega hoxe é unha loita constante. Eu teño esperanzas de que co cambio político se recicle ao seu presidente, Gabino Vázquez, que nos últimos tempos xa non era ben visto nin pola Administración. Dende o SLG teremos que traballar con vistas á seguinte campaña para acadar o obxectivo de que se vaia fóra.

Para o SLG, a persoa que presida o Craega non pode estar involucrada directamente no sector, nin ter intereses económicos nel, como é o caso de Gabino, que ten moitos intereses persoais na agroecoloxía. Ademais, o presidente do Craega debería ser elixido democraticamente, e todos sabemos que o actual foi posto a dedo pola Administración.

Por se fose pouco, Gabino Vázquez non recolleu ningunha das demandas do sector. Máis ben todo o contrario, pois deseñou por conta propia e sen consultarlle a ninguén un plan estratéxico para a agricultura ecolóxica galega. Nas xornadas sectoriais de debate, organizadas polo Ministerio de Agricultura en Madrid, non avisou a Galiza transmitindo as súas demandas particulares de costas ao sector sen que ninguén o soubese.

Ademais, a vocal do SLG no Craega está tendo serios problemas para conseguir información ou para transmitir as demandas do sindicato, polo que estamos chegando a unha situación insostíbel.

“Unha das prioridades do novo Goberno debe ser a ordenación territorial”

■ Ao seu xuízo, ¿que se debería facer que non se estea facendo no sector?

Moito, pero quizais unha das cousas que agora non viría nada mal, aproveitando que se aprobou o decreto contra os falsos “bio”, sería que o Craega fixese campañas de promoción, sobre todo para contrarrestar o caos de informacións que hai entre os consumidores nesta cuestión.

Sabemos que a Unión Europea vaille conceder ao Estado español unha subvención para traballar nesta liña, e sería boa cousa que Galiza se beneficiase dela. Máis en xeral, deberían facerse campañas de promoción dos produtos ecolóxicos, algo no que non se está a facer nada cando é un dos labores principais dun consello regulador.

■ Cal é a conclusión que sacaría dende o punto de vista da agricultura ecolóxica tras dezaseis anos de goberno do PP en Galiza?

Basicamente, que non fixo nada polo sector. Quedou moi ben, e encheu moi ben a boca, á hora de amosar o seu apoio ao ecolóxico e ao desenvolvemento rural, pero á hora da verdade non fixeron nada. A esperanza de que o sector se desenvolva témola agora.

■ Entón pensas que co troco de goberno poden cambiar as cousas no Craega e no sector?

Eu creo que si, pois o enfoque do BNG vai na dirección que antes apuntaba. Dende logo, non podemos agardar un cambio repentino e que, de socato, todo vaia ser ecolóxico e certificado; pero creo que se van tomar medi-

das para limitar a contaminación, e para conservar o medio ambiente. No BNG están nesa liña, e tamén posicionados en contra dos transxénicos, polo que creo que se poden facer moitas cousas con este cambio de goberno.

■ Sen saírmos da política, ¿cales pensa que deberían ser as primeiras accións do novo Goberno na agricultura ecolóxica?

Quizais, habería que comezar por unha das demandas históricas do SLG, que é a ordenación territorial, a creación dun banco de terras ou de calquera outra iniciativa que poña a disposición da xente terra para traballar. Trátase dunha demanda que pedimos todos, e que todos necesitamos, non só o sector ecolóxico.